

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

2021-2022

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO

A POBRA DE TRIVES

ÍNDICE:

INTRODUCCIÓN

7

ESO

1º ESO: 2ª LINGUA EXTRANXEIRA FRANCÉS

1. Introducción	9
2. Contextualización	10
3. Obxectivos xerais da E.S.O.	10
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis	12
5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 1º ESO.	18
6. Temporalización dos contidos.	26
7. Grao mínimo de consecución dos contidos para superar a materia.	27
8. Avaliación inicial	27
9. Procedementos e instrumentos de avaliación	28
10. Criterios de cualificación.	28

11. Metodoloxía didáctica	29
12. Plan de traballo para a recuperación da materia pendente	33
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	33
14. Medidas de atención á diversidade	34
15. Materiais e recursos didácticos, incluído o dereito á educación para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática e mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento do curso	34
16. Actividades complementarias e extraescolares.	34
17. Elementos transversais	34
18. Avaliación da programación didáctica.	35

2º ESO: 2ª LINGUA EXTRANXEIRA FRANCÉS

1. Introducción	36
2. Contextualización	39
3. Obxectivos xerais da E.S.O.	39
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis	41
5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 2º ESO.	47
6. Temporalización dos contidos incluídos os contidos mínimos non adquiridos	54
7. Grao mínimo de consecución dos contidos para superar a materia.	55
8. Plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes mínimas non adquiridas	

9. Avaliación inicial	55
10. Procedementos e instrumentos de avaliación de avaliación.	56
11. Criterios de cualificación.	56
12. Metodoloxía didáctica.	57
13. Plan de traballo para a recuperación da materia pendente	61
14. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	61
15. Medidas de atención á diversidade	61
16. Materiais e recursos didácticos, incluído o dereito á educación para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática e mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento do curso	62
17. Actividades complementarias e extraescolares.	
18. Elementos transversais	62
19. Avaliación da programación didáctica.	62

3º ESO: 2ª LINGUA EXTRANXEIRA FRANCÉS

1. Introducción	64
2. Contextualización	67
3. Obxectivos xerais da ESO	67
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis	69
5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 3º ESO	75
6. Temporalización dos contidos incluídos os contidos mínimos non adquiridos	84
7. Grao mínimo de consecución dos contidos para superar a materia.	85

8. Plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas	
9. Avaliación inicial	85
10. Procedementos e instrumentos de avaliación.	86
11. Criterios de cualificación.	86
12. Metodoloxía didáctica.	87
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	91
14. Plan de traballo para a recuperación e avaliación das materias pendentes.	91
15. Medidas de atención á diversidade.	92
16. Materiais e recursos didácticos, incluíndo o dereito á educación para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática e mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento do curso	92
17. Actividades complementarias e extraescolares.	
18. Elementos transversais	93
19. Avaliación da programación didáctica.	94

4º ESO : 2ª LINGUA EXTRANXEIRA FRANCÉS

1. Introducción	97
2. Contextualización	100
3. Obxectivos xerais do bacharelato	100
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis	102

5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para Bacharelato	107
6. Temporalización dos contidos incluídos os contidos mínimos non adquiridos	116
7. Grao mínimo de consecución dos contidos para superar a materia.	117
8 Plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas	
9. Avaliación inicial	117
10. Procedementos e instrumentos de avaliación.	118
11. Criterios de cualificación.	119
12. Metodoloxía didáctica.	119
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	123
14. Plan de traballo para a recuperación e avaliación das materias pendentes.	123
15. Medidas de atención á diversidade.	124
16. Materiais e recursos didácticos , incluído o dereito á educación para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática e mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento do curso	124
17. Actividades complementarias e extraescolares.	124
18. Elementos transversais	125
19. Avaliación da programación didáctica.	125

1º Bacharelato : 2ª LINGUA EXTRANXEIRA FRANCÉS

1. Introducción	126
-----------------	-----

2. Contextualización	129
3. Obxectivos xerais do bacharelato	130
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis	131
5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para Bacharelato	137
6. Temporalización dos contidos incluídos os contidos mínimos non adquiridos	150
7. Grao mínimo de consecución dos contidos para superar a materia.	150
8. Avaliación inicial	151
9. Plan de reforzo e recuperación dos contidos mínimos non adquiridos	
10. Procedementos e instrumentos de avaliación.	151
11. Criterios de cualificación.	152
12. Metodoloxía didáctica.	153
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	156
14. Plan de traballo para a recuperación e avaliación das materias pendentes.	157
15. Medidas de atención á diversidade.	158
16. Materiais e recursos didácticos, incluído o dereito á educación para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática e mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento do curso	159
17. Actividades complementarias e extraescolares.	160
18. Elementos transversais	160
19. Avaliación da programación didáctica.	161

INTRODUCCIÓN

Neste curso 2021-2022 o Departamento de Francés do IES Xermán Ancochea Quevedo de A Pobra de Trives está formado por unha soa persoa, a profesora de Educación Secundaria Susana Cadavid Pérez. A devandita profesora imparte a asignatura de Francés Segunda Lingua Extranxeira en 1º, 2º, 3º e 4º ESO e en 1º de Bacharelato. Para completar o seu horario imparte tamén o módulo de Comunicación e Sociedade 2 na FP Básica, sendo ademais a titora deste grupo. A distribución horaria é a seguinte:

1º ESO- Francés Segunda Lingua Extranxeira	2 horas
2º ESO- Francés Segunda Lingua Extranxeira	2 horas
3º ESO- Francés Segunda Lingua Extranxeira	2 horas
4º ESO- Francés Segunda Lingua Extranxeira	3 horas
1º Bach- Francés Segunda Lingua Extranxeira	2 horas
FP Básica- Módulo de Comunicación e Sociedade 2	4 horas

ESO

1º ESO: 2ª lingua estranxeira francés

Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

1. Contextualización

O I.E.S. Xermán Ancochea Quevedo está situado no Concello de A Pobra de Trives, no Macizo central ourensán e polo tanto localízase nunha zona rural, onde a meirande parte dos seus habitantes viven da agricultura e da gandería, o que significa que a maioría das familias teñen un nivel socio- económico medio- baixo. Como o concello de Trives está situado moi preto da estación de montaña de Manzaneda, ten bastante turismo, sobordetodo no inverno, cando a xente aproveita para ir esquiar, pero tamén no verán, cando a xente aproveita para descansar e estar en contacto coa natureza. De ahí a importancia de que os rapaces saiban linguas extranxeiras para poder comunicarse cos visitantes extranxeiros e facilitarlles a súa estadía no pobo, resolver as posibles dúbidas , etc, etc.

2. Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria:

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como me-

dio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidades lusófona.

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis

As competencias clave son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
 7. Conciencia e expresións culturais.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

As competencias básicas refírense á capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Son aquelas competencias que deben desenvolver os alumnos ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe significativo permanente ao longo da vida.

Na medida do posible, todas as materias deben contribuir ó desenvolvemento destas competencias, aínda que, lóxicamente, cada unha delas incide máis nunhas competencias que noutras.

Comunicación lingüística (CCL)

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fora da escola e de enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenrolo dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, a resolución de conflitos, o desenrolos das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese hacia o aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia coma unha fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está composta por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, sociocultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

O estudio dunha lingua extranxeira contribúe ao desenrolo desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos y expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación y comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, o álgebra a xeometría e a estadística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interpretación responsable del. Contribúen ao desenrolo do pensamento científico e capacitan ao individuo para identificar, plantexar e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenrolo destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxía, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas, así coma unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para atinxir un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia , o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e medioambientais, así coma a adopción dunha actitude adecuada para atinxir unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. As competencias científica y tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como la comprensión da incidencia da ciencia e a tecnología sobre la naturaleza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para atinxir obxectivos basados en probas.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun entorno dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñible co fin de resolver problemas reais dun modo eficiente, así coma avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefa ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas novas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra banda, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así coma a motivación e a curiosidade polo aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse no aprendizaxe, e por outra, ser capaz de seguir aprendendo de maneira autónoma, un aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convértense en obxecto do propio coñecemento e hai que aprender a executalos correctamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para chegar á meta da aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua extranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces.

Esto conleva a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe coma a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive y exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relacionase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conducta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma constructiva en distintos entornos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica basease no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xusticia, igualdade, cidadanía y dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, la apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadanos dende unha actitude solidaria e responsable.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o cal implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais y comerciais; e unhas destrezas coma a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderazgo, pensamento crítico, avaliación y auto-avaliación.

Require el desenvolvemento de actitudes e valores coma a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre o propio aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e a iniciativa persoal involucran a menudo a outras persoas, esta competencia obriga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: porse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar os plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herencia cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas a a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas coma a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e disfrutar das diferentes manifestacións artísticas. Supon, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, inda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, pois, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse coma percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora asimismo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas coma a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

1. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 1º ESO, 2ª lingua estranxeira

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. ▪ Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. ▪ Identificación de palabras clave. ▪ Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). ▪ Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. ▪ Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2. Produción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa ▪ Execución: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. ▪ Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. ▪ Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. ▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ▪ Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos ▪ Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Modificación de palabras de significado parecido. ▪ Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. ▪ Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. ▪ Petición de axuda. ▪ Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Sinalación de obxectos, uso de déicticos ou realización de accións que aclaran o significado. ▪ Uso da linguaxe corporal culturalmen- 	<ul style="list-style-type: none"> bios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>te pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. 			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. ▪ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) ▪ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ▪ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. ▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. ▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4. Producción de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). ▪ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). ▪ Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. ▪ Execución: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. ▪ Estructuración do contido do texto. ▪ Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. ▪ Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. ▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ▪ Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.). ▪ Revisión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de problemas, erros e repeticións. ▪ Atención ás convencións ortográficas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). ▪ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>aos signos de puntuación.</p> <ul style="list-style-type: none"> Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva. 			
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> a c d i o 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. <ul style="list-style-type: none"> Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas <ul style="list-style-type: none"> Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Discriminar padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os padróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de padróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou cultu- 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. ▪ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. ▪ Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. ▪ Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. ▪ Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. ▪ Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. ▪ Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. ▪ Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. ▪ Expresión do interese, a aprobación, o 	<p>evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>rais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma. 			

¹Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Francés
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>parce que</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>plus, moins</i>); explicativas (<i>parce que</i>). ▪ Relacións temporais (<i>avant, après</i>).

Francés

- Exclamación (*Oh là là! On y va!*); interxección (*oui!, non! Zut!*)
- Negación (*ne/n'...pas*).
- Interrogación (*qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?)*).
- Expresión do tempo: presente; futuro (*présent, futur proche*); *impératif*.
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (*présent*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir*); necesidade (*il faut+infinitif*); obriga/prohibición (*il faut, impératif*); permiso (*pouvoir : est-ce que je peux... ?*); intención/deseño (*vouloir*); cortesía (*distinction tu/vous*).
- Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).
- Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube*
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville)*),

Francés

position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville).

- Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*); indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (*de... à*); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (*d'habitude*).
- Expresión do modo (*à / en + medios de transporte*).

1. Temporalización dos contidos:

1ª AVALIACIÓN

Unité 0- Le français c'est facile! 3 sesións

Unité 1- Coucou! 9 sesións

Unité 2- Au collège 9 sesións

2ª AVALIACIÓN:

Unité 3- En famille 8 sesións

Unité 4- Mon réseau 8 sesións

3ª AVALIACIÓN:

Unité 5- Dans ma ville 10 sesións

Unité 6- En vacances 10 sesións

2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS CONTIDOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1ª Avaluación. Saudar, presentarse e presentar a alguén, os interrogativos, os números ata 31, os verbos avoir e être, os verbos do 1º grupo, vocabulario do colexio, presentativo c'est-ce sont, os artigos definidos e indefinidos, as cores e a formación do feminino.

2ª Avaluación. Falar da súa familia, os números ata 100, indicar a hora, os posesivos, a forma negativa con ne...pas, o plural, descripción física, as nacionalidades, o artigo aux, au.

3ª Avaluación. Falar da cidade e indicar un camiño, as tendas, utilizar aller à e venir de, as profesións, falar do tempo e facer proxectos para as vacacións con actividades.

3. AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio de cada curso, faráselle aos alumnos un cuestionario con preguntas básicas e xerais sobre o que coñecen de Francia e da lingua francesa. que lle indicará ao profesorado os coñecementos que teñen os alumnos, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnos con posibles problemas.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que é preciso adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que é preciso adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **presencial ou semipresencial** a avaliación basearase en exames ou probas escritas e no traballo e actitude diaria nas clases:

Haberá dous exames por cada avaliación nos cales os alumnos terán que demostrar que entenderon o que se explicou en clases. Os exames basearanse sempre na materia dada ata o día do exame. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación directa nas clases de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta as libretas

de clase, os traballos que a profesora mande facer tanto na clase como na casa, os exercicios realizados e recollidos durante as clases, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais na clase, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **on-line** a avaliación basearase en exercicios ou probas escritas e no traballo e actitude diaria do alumno:

Os exercicios ou probas basearanse sempre na materia dada ata o día da proba. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta os traballos que a profesora mande facer, os exercicios realizados, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas e exercicios que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

No caso de ensinanza **presencial ou semipresencial** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O 70% da nota trimestral correspóndese cos controis e exames periódicos, que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames dunha

parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

IMPORTANTE: Se o alumno é “cazado” copiando nun exame, automaticamente suspenderá a avaliación, independentemente das outras notas obtidas, porque se considera que tratou de enganar ó profesor e o exame non refletiría os seus coñecementos reais da materia. Ademais con menos de un 3 nos exames non se fará a nota media; isto faise para evitar o abandono da materia. Se algún alumno suspendeu algún exame e non lle dá a nota media para aprobar poderá recuperar o exame suspenso antes do final do trimestre.

O 30% da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos, tanto no aula coma na casa, e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase ,do cahier d'exercices que o profesor recollerá periodicamente (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa ou, por exemplo, non trae o material, se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura. Do mesmo xeito haberá tamén positivos, cando o alumno participe, resposte ben na clase cando a profesora pregunte a materia, etc, que subirán 0,1.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. A nota final da materia obterase facendo a media dos tres trimestres. Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido: xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

No caso de ensinanza **on-line** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O 70% da nota trimestral correspóndese cos controis, exercicios e probas que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames, probas ou exercicios dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

O 30% da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase ,do cahier d'exercices que o profesor poderá pedir (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa, non entrega os exercicios ou o traballo que o profesor mandou se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. A nota final da materia obterase facendo a media dos tres trimestres. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido: xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos, centrándonos naquelo que resulta familiar ao alumnado pero con unha vertiente de fantasía para atinxir o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece y formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persigue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non somentes deben adquirir uns coñecementos, senón que tamén teñen que ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que los alumnos non somentes sexan capaces de aprender, senón tamén, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características das persoaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das grabacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é moi importante que todos os integrantes do grupo poidan participar y teñan actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que acadan día a día. É moi importante ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxetivos que se teñen programado, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución dos obxetivos e que, ante a falla dalgunha actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e tamén axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural durante o proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subiacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que los erros producense cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considerase erro el fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixíranse o rematar as interaccións orais, de forma grupal e con unha linguaxe asequible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senon que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a una falla de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece la pena corrixir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade do mesmo; un Caderno de Avaliación permítelle ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. O profesor pode adaptala facilmente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Hai que ter en conta esta situación e ofrecer actividades interrelacionadas con outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do propio neno e deseguido a exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o medio ambiente y a sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflítese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hay saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e somentes sirven para ela). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe un bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser quen de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse, senon en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as poidera ter adquirido (transversalidade). Ser competente debe ser garante de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fora dela, garante da súa aprendizaxe permanente.

A comprensión lectora. En FLE, a comprensión lectora ten coma obxectivo conducir ao alumno/a progresivamente hacia o sentido dun escrito, a comprender e a ler diferentes tipos de texto (diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro, etc...). Nembargantes, a primeira finalidade desta competencia vai máis alá da comprensión explícita inmediata dun texto. Trátase tamén de aprender a ler o que está implícito aprendendo a desenvolver progresivamente estratexias de lectura que favorezan unha actitude activa de descubrimentos lingüísticos e non lingüísticos e que leven ao alumno a enriquecerse.

Neste senso, presenta una ventaxa innegable a didáctica de las linguas, que contribúe, entre outros, ao desenvolvemento de diferentes habilidades e particularmente á comprensión escrita e á fluidez oral que os alumnos poderán aproveitar en situacións auténticas.

Incorporación das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). O desenvolvemento das TIC e outros recursos didácticos constitúe unha parte consubstancial, cada día un pouco menos indisoluble por non dicir indispensable, na vida de todos os cidadáns e en particular da xente nova que naceu e medrou nunha sociedade onde o seu uso é algo totalmente habitual. Ademais o seu considerable impacto e propagación polo mundo, as TIC constitúen un elemento importante da cultura actual. Neste punto, la urgente necesidade de promover o seu uso no marco escolar, co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe pero igualmente a calidade do ensino, é innegable.

Nos enfoques comunicativos, a utilización de documentos auténticos así coma a exposición da lingua en diversos contextos da realidade da lingua estranxeira ten un papel moi importante como se dixo anteriormente. Así, o lugar das TIC no ensino e aprendizaxe do francés están totalmente xustificadas.

En efecto, para as linguas estranxeiras as TIC son un recurso infinito porque permiten o acceso directo e instantáneo a outros países, a outras culturas. Favorecen tamén o traballo das cinco competencias orais e escritas, a aprendizaxe a distancia e o acceso a documentos auténticos en tempo real.

A isto, non podemos negar o feito de que suscitan a menudo o interese, a curiosidade e a motivación do alumno/a, o que finalmente se traduce nunha aprendizaxe de mellor calidade e compromiso persoal acrecentado. Ocupan hoxe, xustamente, un lugar de preferencia no proceso de aprendizaxe dunha lingua.

As competencias básicas. As competencias básicas son definidas pola Unión Europea como “*una combinación de saber hacer, competencias, conocimientos y aptitudes adaptadas al contexto. Llamamos competencia básica a toda competencia que todo el mundo utiliza para su desarrollo personal, así como para una ciudadanía activa, la integración social y el empleo*”.

Permiten por o acento sobre as aprendizaxes que serán consideradas coma indispensables. Trátase de competencias que os alumnos deben ter adquirido cando rematen a etapa de ensino obrigatorio co fin de poder desenrolarse plenamente na súa vida persoal, ser cidadáns activos, integrarse na vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaces de desenrolar unha aprendizaxe constructiva permanente ao longo da súa vida.

Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. Os estándares de aprendizaxe son referentes que describen o que os alumnos deben saber facer para chegar a ter un certo nivel de aprendizaxe. Trátase de ferramentas que permiten avaliar a aprendizaxe cuxa elaboración reflite o currículo en vigor da LOMCE.

Os criterios de avaliación tal e como os define Real Decreto permiten determinar os resultados da aprendizaxe e concretizan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Deben ser observables, medibles e avaliábeis co fin de medir os grados de rendemento ou de éxito obtidos durante o proceso de ensino/aprendizaxe. Trátase de referentes fiables e adecuados de avaliación, proceso que reflite o que debemos avaliar, o que o alumno/a debe alcanzar tanto no fondo como na forma e na aptitude

Para atinxir os obxetivos mencionados, é moi importante ter en conta de xeito permanente unha serie de consideracións ineludibles no marco dun proxecto educativo do século XXI: o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenrolo das competencias de base e das novas tecnoloxías, a estimulación da lectura, e ter en conta a diversidade.

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Teranse en conta os seguintes aspectos que quedan concretados nas seguintes cuestións:

- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e as necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes alcanzadas polo alumno.
- As medidas extraordinarias de atención á diversidade.

- A programación didáctica e a súa desenvolvemento.
- O aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na súa contorna para desenvolver as programacións.
- Os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso e das diferentes materias.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso cos cursos anteriores.

8. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Para os alumnos coa materia pendente, os contidos mínimos e os criterios de avaliación son os mesmos que para o grupo de referencia do curso que ten suspenso.

As distintas unidades nas que se divide o curso poderán ser recuperadas polos alumnos mediante a realización de exercicios e tarefas marcadas polo profesor, que serán entregadas nas datas fixadas en cada trimestre. O profesor correxirá e poralle unha nota. Se a nota é igual ou superior a 5 en todas as tarefas encomendadas, considérase que a materia está superada. Se algunha parte non é apta ou o alumno non realizou as tarefas encomendadas, entón terá que superar un exame final no que terá que obter un 5 como mínimo para superar a asignatura.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os profesores prestarán atención á diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado. Sempre que sexa posible as medidas de apoio realizaránse na propia aula, tanto para os alumnos con certas deficiencias ou retrasos no seu aprendizaxe, como para os alumnos máis adiantados, ós que se lles dará información e actividades complementarias para estimular as súas capacidades.

No caso de que fose preciso, poderían adoptarse outras medidas, como o reforzo noutra aula para grupos reducidos de alumnos, o reforzo fora de horario lectivo, a realización de adaptacións curriculares ou a incorporación a grupos de diversificación curricular.

15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUINDO A FORMA DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN DO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSEÑANZA TELEMÁTICA E MECANISMOS A ADOPTAR PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO DO CURSO POLO ALUMNADO

O libro de texto empregado para primeiro da ESO será o libro EN SPIRALE, da editorial Oxford, que ven acompañado do correspondente caderno de exercicios e dunha gramática, así coma dun cómic.

Ademais deste material tamén se utilizarán fotocopias de reforzo e ampliación e por suposto as novas tecnoloxías, que nos permiten traballar os distintos aspectos dunha lingua estranxeira: comprensión oral, escrita, etc, etc. En Internet hai moitas páxinas para traballar os distintos aspectos da lingua que ademais teñen exercicios autocorrectivos para que os alumnos practiquen por si mesmos o aprendido na aula, ven na propia aula ou na súa casa. Tamén se utilizarán cds para a comprensión oral. Dentro do posible intentarase utilizar documentos o máis auténticos posible.

No caso de ensinanza **presencial** utilizaranse as novas tecnoloxías (internet, aula virtual do centro para colgar material, ...). No caso de ensinanza **semipresencial e on-line** as novas tecnoloxías terán un peso inda maior xa que se utilizará o correo electrónico, a aula virtual do centro e as clases por videoconferencia cos alumnos mediante a plataforma webex ou outras que lles permitirán non perder o fío da materia. Se un alumno ou varios non poden asistir a clase por ter que quedar na súa casa pola Covid19 poderán seguir as clases on-line para non perder a materia. Poden conectarse e seguir as clases ao mesmo tempo que os seus compañeiros. Hoxe en día todos os alumnos teñen conexión a internet ou móbiles que lles permiten estar en contacto co instituto e co profesor. De tódolos xeitos estarase atento a calquera incidencia que poida xurdir por parte do alumnado para intentar solucionala. Se non poidesen seguir as clases por videoconferencia pois enviáraselles material mediante correo electrónico, whatapp ou calquera outro medio. Se xurdise calquera problema coas novas tecnoloxías pois fariánselle fotocopias ao alumno ou alumnos que teñen problemas para que as súas familias as viñesen recoller ao centro e unha vez que fixeron as tarefas encomendadas pois teríanas que entregar de novo no centro para a súa corrección por parte do profesor.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se contemplan actividades complementarias e extraescolares para 1º ESO.

17. ELEMENTOS TRANSVERSAIS A TRATAR

No primeiro curso da ESO trataranse temas transversais coma os saúdos e as relacións coas outras persoas, o coñecemento do propio corpo e a saúde, un tema moi importante nestes tempos de pandemia que estamos a padecer.

18. AVALIACIÓN, REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Coa finalidade de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas, ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Segundo os resultados obtidos revisarase e modificarase a programación didáctica se fixese falta.

Pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras, utilizando a seguinte grella:

ASPECTOS QUE HAI QUE AVALIAR	HAI QUE DESTACAR...	HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSO-
------------------------------	---------------------	---------------------	-----------------------------

			AL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

2º ESO:segunda lingua extranxeira francés

1. INTRODUCCIÓN

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O I.E.S. Xermán Ancochea Quevedo está situado na Pobra de Trives, no Macizo central ourensán e polo tanto localízase nunha zona rural, onde a meirande parte dos seus habitantes viven da agricultura e da gandería, o que significa que a maioría das familias teñen un nivel socio- económico medio- baixo. Como o concello de Trives está situado moi preto da estación de montaña de Manzaneda, ten bastante turismo, sobordetodo no inverno, cando a xente aproveita para ir esquiar, pero tamén no verán,cando a xente aproveita para descansar e estar en contacto coa natureza. De ahí a importancia de que os rapaces saiban linguas extranxeiras para poder comunicarse cos visitantes extranxeiros e facilitarlles a súa estadía no pobo, resolver as posibles dúbidas,etc,etc.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os

conflictos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis

As competencias clave son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

As competencias básicas refírense á capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Son aquelas competencias que deben desenvolver os alumnos ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe significativo permanente ao longo da vida.

Na medida do posible, todas as materias deben contribuir ó desenvolvemento destas competencias, aínda que, lóxicamente, cada unha delas incide máis nunhas competencias que noutras.

Comunicación lingüística (CCL)

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fora da escola e de enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenrolo dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, a resolución de conflitos, o desenrolos das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese hacia o aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia coma unha fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está composta por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, sociocultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

O estudio dunha lingua extranxeira contribúe ao desenrolo desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos y expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación y comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, o álgebra a xeometría e a estadística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interpretación responsable del. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan ao individuo para identificar, plantexar e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxía, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas, así coma unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para atinxir un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e medioambientais, así coma a adopción dunha actitude adecuada para atinxir unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para atinxir obxectivos basados en probas.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun entorno dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñible co fin de resolver problemas reais dun modo eficiente, así coma avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefa ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas novas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra banda, a

competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así coma a motivación e a curiosidade polo aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse no aprendizaxe, e por outra, ser capaz de seguir aprendendo de maneira autónoma, un aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convértense en obxecto do propio coñecemento e hai que aprender a executalos correctamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para chegar á meta da aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces.

Esto conleva a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe coma a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive y exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relacionase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conducta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma constructiva en distintos entornos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica basease no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xusticia, igualdade, cidadanía y dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, la apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenrolo destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadanos dende unha actitude solidaria e responsable.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o cal implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenrolar a opción elexida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia .e determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais y comerciais; e unhas destrezas coma a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderazgo, pensamento crítico, avaliación y auto-avaliación.

Require el desenrolo de actitudes e valores coma a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia,o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre o propio aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e a iniciativa persoal involucran a menudo a outras persoas, esta competencia obriga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: porse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar los plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herencia cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas a a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas coma a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e disfrutar das diferentes manifestacións artísticas. Supon, ademáis, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, inda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, pois, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse coma percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora asimesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas coma a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 2º ESO, 2ª lingua estranxeira

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <p>Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;</p> <p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, re-escoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves signi-</p>	<p>B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.</p> <p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados,</p>	<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	ficativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).	relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.	e sentimentos moi elementais.	
Bloque 2. Produción de textos orais				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significa-</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>CSIEE</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
			<p>SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
			<p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
			<p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
			<p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predi-</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>do parecido.</p> <p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.</p>		<p>cibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	CD
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	CCL CD CAA CSIEE
			<p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>	CCL CAA CCEC
			<p>SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferen-</p>	CCL CAA

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.</p> <p>B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.</p>	<p>cias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</p>	<p>CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p> <p>SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

	Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>			
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas</p>	<p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p>	<p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p>			

¹Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Francés
<p>Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>comme</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>le plus, le moins</i>); consecuencia (<i>alors</i>); explicativas (<i>parce que</i>).</p> <p>Relacións temporais (<i>d'abord, ensuite, il y a</i>).</p> <p>Exclamación (<i>quel + nom !, désolé !</i>); interxección (<i>si! Bravo !</i>).</p> <p>Negación (<i>pas de, rien</i>).</p> <p>Interrogación (inversión (<i>V + Suj.</i>); <i>réponses (si, pron. tonique + oui/non</i>).</p> <p>Expresión do tempo: presente; presente progresivo (<i>être en train de</i>); pasado (<i>passé composé avec avoir et être sans accords</i>); futuro (<i>futur proche</i>). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: <i>je voudrais</i>).</p> <p>Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: <i>souvent</i>); incoativo (<i>aller + Inf.</i>).</p> <p>Expresión da modalidade: factualidade (<i>phrases déclaratives</i>); capacidade (<i>savoir</i>); posibilidade/probabilidade (<i>peut-être</i>); necesidade (<i>il faut</i>); obriga/prohibición (<i>il faut, verbe devoir, impératif</i>); permiso (<i>pouvoir, demander</i>); intención/deseo (<i>je voudrais</i>); cortesía.</p> <p>Expresión da existencia (<i>il y a, il n'y a pas</i>); a entidade (p. ex. <i>articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs</i>); a posesión (adxectivos posesivos <i>dun</i> e de varios propietarios); a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).</p> <p>Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; <i>articles partitifs</i>). Adverbios de cantidade e medidas (<i>un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet</i>); o grao.</p> <p>Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbes de lieu (sur, sous, ...), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)</i>).</p> <p>Expresión do tempo: puntual (<i>demain matin, jeudi soir</i>); divisións (<i>en (année)</i>); indicacións de tempo (<i>demain, hier</i>); duración (<i>de... jusqu'à, en ce moment</i>); anterioridade (<i>il y a...</i>); posterioridade (<i>après</i>); secuenciación (<i>à partir de</i>); frecuencia (<i>d'habitude, une/deux/... fois par...</i>).</p> <p>Expresión do modo.</p>

6. Temporalización dos contidos:

Neste curso 2021-22, imos empezar vendo contidos que quedarán pendentes do curso pasado e que por falta de tempo non se poideron impartir. Co cal a temporalización quedaría da seguinte maneira:

1ª AVALIACIÓN

Unité 5 de 1º ESO- Dans ma ville 10 sesións

Unité 1- Chez moi 8 sesións

2ª AVALIACIÓN:

Unité 2- C'est à la mode! 8 sesións

Unité 3- Qu'est-ce qu'on fait? 4 sesións

3ª AVALIACIÓN:

Unité 4- Bon appétit! 9 sesións

Unité 5- J'ai visité un musée 9 sesións

7. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS CONTIDOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1ª Avaluación. Describirse e describir unha persoa utilizando correctamente os adxetivos en xénero e número, falar da cidade, indicar un itinerario e falar do tempo metereolóxico.

2ª Avaluación. Describir a súa casa, explicar as tarefas da casa, falar da roupa, comparar, os adxetivos demostrativos e os comparativos.

Actividades extraescolares e as expresions faire du, jouer à/du.

3ª Avaluación. Falar da comida utilizando os artigos partitivos
Falar de accións pasadas e contar actividades pasadas, o passé composé.

8. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS

Como xa se explicou, debido á falta de tempo para poder impartir toda a materia, quedaron 2 unidades sen ver das cales se considera imprescindible a unidade 5. No inicio deste curso 2021-2022 empezárase revisando contidos que xa se viron o curso pasado para refrescarlle a memoria aos alumnos e daranse as unidades que non se deron no curso pasado para que así todos os alumnos teñan os mínimos imprescindibles para poder seguir a súa formación en lingua francesa. Todo este plan de reforzo durará case todo o primeiro trimestre.

9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio de cada curso, faráselle aos alumnos un cuestionario con preguntas básicas e xerais sobre o que coñecen de Francia e da lingua francesa, que lle indicará ao profesorado os coñecementos que teñen os alumnos, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnos con posibles problemas.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiriran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que é preciso adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que é preciso adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

10.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **presencial ou semipresencial** a avaliación basearase en exames ou probas escritas e no traballo e actitude diaria nas clases:

Haberá dous exames por cada avaliación nos cales os alumnos terán que demostrar que entenderon o que se explicou en clases. Os exames basearanse sempre na materia dada ata o día do exame. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación directa nas clases de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta as libretas de clase, os traballos que a profesora mande facer tanto na clase como na casa, os exercicios realizados e recollidos durante as clases, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais na clase, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **on-line** a avaliación basearase en exercicios ou probas escritas e no traballo e actitude diaria do alumno:

Os exercicios ou probas basearanse sempre na materia dada ata o día da proba. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta os traballos que a profesora mande facer, os exercicios realizados, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenvolvemento dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas e exercicios que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

No caso de ensinanza **presencial ou semipresencial** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O 70% da nota trimestral correspóndese cos controis e exames periódicos, que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

IMPORTANTE: Se o alumno é “cazado” copiando nun exame, automaticamente suspenderá a avaliación, independentemente das outras notas obtidas, porque se considera que tratou de enganar ó profesor e o exame non refletiría os seus coñecementos reais da materia. Ademais con menos de un 3 nos exames non se fará a nota media; isto faise para evitar o abandono da materia. Se algún alumno suspendeu algún exame e non lle dá a nota media para aprobar poderá recuperar o exame suspenso antes do final do trimestre.

O 30% da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos, tanto no aula coma na casa, e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase, do cahier d'exercices que o profesor recollerá periodicamente (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa ou, por exemplo, non trae o material, se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura. Do mesmo xeito haberá tamén positivos, cando o alumno participe, resposte ben na clase cando a profesora pregunte a materia, etc, que subirán 0,1.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. A nota final da materia obterase facendo a

media das tres avaliacións e a esto sumaráselle a nota do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido:xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

No caso de ensinanza **on-line** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O 70% da nota trimestral correspóndese cos controis,exercicios e probas que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames,probas ou exercicios dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

O 30% da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase ,do cahier d'exercices que o profesor poderá pedir (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa,non entrega os exercicios ou o traballo que o profesor mandou se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre,ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa.Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. . A nota final da materia obterase facendo a media das tres avaliacións e a esto sumaráselle a nota do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido:xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

12.METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos, centrándonos naquelo que resulta familiar ao alumnado pero con unha vertiente de fantasía para atinxir o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece y formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenrolo e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persigue o desenrolo do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non somentes beben adquirir uns coñecementos, senón que tamén teñen que ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que los alumnos no somentes sexan capaces de aprender, senón tamén, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribuen ao desenvolvemento das competencias básicas.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características das persoaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das grabacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é moi importante que todos os integrantes do grupo poidan participar y teñan actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenrolo da propia conciencia de logros e do progreso que acadan día a día. É moi importante ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxetivos que se teñen programado, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución dos obxetivos e que, ante a falla dalgunha actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua extranxeira.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e tamén axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural durante o proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subiacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que los erros producense cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considerase erro el fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixíranse o rematar as interaccións orais, de forma grupal e con unha linguaxe asequible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senon que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a una falla de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece la pena corrixir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade do mesmo; un Caderno de Avaliación permítelle ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. O profesor pode adaptala facilmente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Hai que ter en conta esta situación e ofrecer actividades interrelacionadas con outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do propio neno e deseguido a exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o medio ambiente y a sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflítese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hay saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e somentes sirven para ela). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe un bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser quen de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse, senon en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as poidera ter adquirido (transversalidade). Ser competente debe ser garante de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fora dela, garante da súa aprendizaxe permanente.

A comprensión lectora. En FLE, a comprensión lectora ten coma obxectivo conducir ao alumno/a progresivamente hacia o sentido dun escrito, a comprender e a ler diferentes tipos de texto (diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro, etc...). Nembargantes, a primeira finalidade desta competencia vai máis alá da comprensión explícita inmediata dun texto. Trátase tamén de aprender a ler o que está implícito aprendendo a desenrolar progresivamente estratexias de lectura que favorezan unha actitude activa de descubrimentos lingüísticos y non lingüísticos e que leven ao alumno a enriquecerse.

Neste senso, presenta una ventaxa innegable a didáctica de las linguas, que contribue, entre outros, ao desenvolvemento de diferentes habilidades e particularmente á comprensión escrita e á fluidez oral que os alumnos poderán aproveitar en situacións auténticas.

Incorporación das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). O desenrolo das TIC e outros recursos didácticos constitúe unha parte consubstancial, cada día un pouco menos indisoluble por non dicir indispensable, na vida de todos os cidadáns e en particular da xente nova que naceu e medrou nunha sociedade onde o seu uso é algo totalmente habitual. Ademais o seu considerable impacto e propagación polo mundo, as TIC constitúen un elemento importante da cultura actual. Neste punto, a urxente necesidade de promover o seu uso no marco escolar, co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe pero igualmente a calidade do ensino, é innegable.

Nos enfoques comunicativos, a utilización de documentos auténticos así coma a exposición da lingua en diversos contextos da realidade da lingua estranxeira ten un papel moi importante como se dixo anteriormente. Así, o lugar das TIC no ensino e aprendizaxe do francés están totalmente xustificadas.

En efecto, para as linguas estranxeiras as TIC son un recurso infinito porque permiten o acceso directo e instantáneo a outros países, a outras culturas. Favorecen tamén o traballo das cinco competencias orais e escritas, a aprendizaxe a distancia e o acceso a documentos auténticos en tempo real.

A isto, non podemos negar o feito de que suscitan a menudo o interese, a curiosidade e a motivación do alumno/a, o que finalmente se traduce nunha aprendizaxe de mellor calidade e compromiso persoal acrecentado. Ocupan hoxe, xustamente, un lugar de preferencia no proceso de aprendizaxe dunha lingua.

As competencias básicas. As competencias básicas son definidas pola Unión Europea como *“una combinación de saber hacer, competencias, conocimientos y aptitudes adaptadas al contexto. Llamamos competencia básica a toda competencia que todo el mundo utiliza para su desarrollo personal, así como para una ciudadanía activa, la integración social y el empleo”*.

Permiten por o acento sobre as aprendizaxes que serán consideradas coma indispensables. Trátase de competencias que os alumnos deben ter adquirido cando rematen a etapa de ensino obrigatorio co fin de poder desenrolarse plenamente na súa vida persoal, ser cidadáns activos, integrarse na vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaces de desenrolar unha aprendizaxe constructiva permanente ao longo da súa vida.

Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. Os estándares de aprendizaxe son referentes que describen o que os alumnos deben saber facer para chegar a ter un certo nivel de aprendizaxe. Trátase de ferramentas que permiten avaliar a aprendizaxe cuxa elaboración reflíete o currículo en vigor da LOMCE.

Os criterios de avaliación tal e como o os define Real Decreto permiten determinar os resultados da aprendizaxe e concretizan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Deben ser observables, medibles e avaliábeis co fin de medir os grados de rendemento ou de éxito obtidos durante o proceso de ensino/aprendizaxe. Trátase de referentes fiables e adecuados de avaliación, proceso que reflicte o que debemos avaliar, o que o alumno/a debe alcanzar tanto no fondo como na forma e na aptitude

Para atinxir os obxetivos mencionados, é moi importante ter en conta de xeito permanente unha serie de consideracións ineludibles no marco dun proxecto educativo do século XXI: o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenvolvemento das competencias de base e das novas tecnoloxías, a estimulación da lectura, e ter en conta a diversidade.

13.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Teranse en conta os seguintes aspectos que quedan concretados nas seguintes cuestións:

- Adecuación dos obxetivos, contidos e criterios de avaliación ás características e as necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes alcanzadas polo alumno.
- As medidas extraordinarias de atención á diversidade.
- A programación didáctica e o seu desenvolvemento.
- O aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na súa contorna para desenvolver as programacións.
- Os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso e das diferentes materias.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso cos cursos anteriores.

14. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Para os alumnos coa materia pendente, os contidos mínimos e os criterios de avaliación son os mesmos que para o grupo de referencia do curso que ten suspenso.

As distintas unidades nas que se divide o curso poderán ser recuperadas polos alumnos mediante a realización de exercicios e tarefas marcadas polo profesor, que serán entregadas nas datas fixadas. O profesor correxiráas e poralle unha nota. Se a nota é igual ou superior a 5 en todas as tarefas encomendadas, considérase que a materia está superada. Se algunha parte non é apta ou o alumno non realizou as tarefas encomendadas, entón terá que superar un exame final no que terá que obter un 5 como mínimo para superar a asignatura.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os profesores prestarán atención á diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado. Sempre que sexa posible as medidas de apoio realizaránse na propia aula, tanto para os alumnos con certas deficiencias ou retrasos no seu aprendizaxe, como para os alumnos máis adiantados, ós que se lles dará información e actividades complementarias para estimular as súas capacidades.

No caso de que fose preciso, poderían adoptarse outras medidas, como o reforzo noutra aula para grupos reducidos de alumnos, o reforzo fora de horario lectivo, a realización de adaptacións curriculares ou a incorporación a grupos de diversificación curricular.

15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍNDO O DEREITO À EDUCACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA E MECANISMOS A ADOPTAR PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO DO CURSO

O libro de texto empregado para segundo da ESO será o libro EN SPIRALE, da editorial Oxford, que ven acompañado do correspondente caderno de exercicios e dunha gramática, así coma dun cómic.

Ademáis deste material tamén se utilizarán fotocopias de reforzo e ampliación e por suposto as novas tecnoloxías, que nos permiten traballar os distintos aspectos dunha lingua estranxeira: comprensión oral, escrita, etc, etc. En Internet hai moitas páxinas para traballar os distintos aspectos da lingua que ademáis teñen exercicios autocorrectivos para que os alumnos practiquen por si mesmos o aprendido na aula, ven na propia aula ou na súa casa. Tamén se utilizarán cds para a comprensión oral. Dentro do posible intentarase utilizar documentos o máis auténticos posible.

No caso de ensinanza **presencial** utilizaranse as novas tecnoloxías (internet, aula virtual do centro para colgar material, ...). No caso de ensinanza **semipresencial e on-line** as novas tecnoloxías terán un peso inda maior xa que se utilizará o correo electrónico, a aula virtual do centro e as clases por videoconferencia cos alumnos mediante a plataforma webex ou outras que lles permitirán non perder o fío da materia. Se un alumno ou varios non poden asistir a clase por ter que quedar na súa casa pola Covid19 poderán seguir as clases on-line para non perder a materia. Poden conectarse e seguir as clases ao mesmo tempo que os seus compañeiros. Hoxe en día todos os alumnos teñen conexión a internet ou móbiles que mediante correo electrónico, whatsapp ou calquera outro medio. De tódolos xeitos estarase atento a calquera incidencia que poida xurdir por parte do alumnado para intentar solucionarla. Se non poidesen seguir as clases por videoconferencia pois enviáraselles material mediante correo electrónico, whatsapp ou calquera outro medio. Se xurdise calquera problema coas novas tecnoloxías pois fariánselle fotocopias ao alumno ou alumnos que teñen problemas para que as súas familias as viñesen recoller ao centro e unha vez que fixeron as tarefas encomendadas pois teríanas que entregar de novo no centro para a súa corrección por parte do profesor.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En principio este curso escolar e por culpa da pandemia da covid 19 non están previstas actividades complementarias nin extraescolares para segundo da ESO

17. ELEMENTOS TRANSVERSAIS A TRATAR

En segundo curso da ESO trátanse temas transversais coma a alimentación saudable, as enfermidades, o consumo responsable.

18. AVALIACIÓN, REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Coa finalidade de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica, ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Segundo os resultados obtidos decidirase a revisión e a modificación da programación didáctica se fose preciso.

Pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras, utilizando a seguinte grella:

ASPECTOS QUE HAI QUE AVALIAR	HAI QUE DESTACAR...	HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

3º ESO: segunda lingua estranxeira francés

1. Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

2. Contextualización

O I.E.S. Xermán Ancochea Quevedo está situado na Pobra de Trives, no Macizo central ourensán e polo tanto localízase nunha zona rural, onde a maior parte dos seus habitantes viven da agricultura e da gandería, o que significa que a maioría das familias teñen un nivel socio-económico medio-baixo. Como o concello de Trives está situado moi preto da estación de montaña de Manzaneda, ten bastante turismo, sobretodo no inverno, cando a xente aproveita para ir esquiar, pero tamén no verán, cando a xente aproveita para descansar e estar en contacto coa natureza. De ahí a importancia de que os rapaces saiban linguas extranxeiras para poder comunicarse cos visitantes extranxeiros e facilitarlles a súa estadía no pobo, resolver as posibles dúbidas, etc,etc.

3. Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria:

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e represen-

tación.

- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliados

As competencias clave son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

As competencias básicas refírense á capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Son aquelas competencias que deben desenvolver os alumnos ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe significativo permanente ao longo da vida.

Na medida do posible, todas as materias deben contribuir ó desenvolvemento destas competencias, aínda que, lóxicamente, cada unha delas incide máis nunhas competencias que noutras.

Comunicación lingüística (CCL)

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fora da escola e de enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenrolo dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, a resolución de conflitos, o desenrolos das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese hacia o aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia coma unha fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está composta por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, sociocultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

O estudio dunha lingua extranxeira contribúe ao desenrolo desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos y expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación y comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, o álgebra, a xeometría e a estadística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interpretación responsable del. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan ao individuo para identificar, plantexar e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxía, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas, así coma unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para atinxir un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e medioambientais, así coma a adopción dunha actitude adecuada para atinxir unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para atinxir obxectivos basados en probas.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun entorno dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñible co fin de resolver problemas reais dun modo eficiente, así coma avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefa ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas novas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra banda, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así coma a motivación e a curiosidade polo aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse no aprendizaxe, e por outra, ser capaz de seguir aprendendo de maneira autónoma, un aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convértense en obxecto do propio coñecemento e hai que aprender a executalos correctamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para chegar á meta da aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces.

Esto conleva a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe coma a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender la realidade social do mundo en que se vive y exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relacionase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conducta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma constructiva en distintos entornos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica basease no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xusticia, igualdade, cidadanía y dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, la apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenrolo destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadanos dende unha actitude solidaria e responsable.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o cal implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenrolar a opción elegida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia .e determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais y comerciais; e unhas destrezas coma a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderazgo, pensamento crítico, avaliación y auto-avaliación.

Require el desenrolo de actitudes e valores coma a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia,o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre o propio aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e a iniciativa persoal involucran a menudo a outras persoas, esta competencia obriga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: porse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias

decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar los plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herencia cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas a a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas coma a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e disfrutar das diferentes manifestacións artísticas. Supon, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenrolo desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, inda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, pois, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse coma percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora asimesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas coma a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

5. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 3º ESO, 2ª lingua estranxeira

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. ▪ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. ▪ Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ▪ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.) ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). ▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto. ▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves. ▪ B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez. ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito. ▪ B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>(datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSIEE CCEC CCL CAA CSC CCEC CD
Bloque 2. Produción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> a c d j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> Planificación: <ul style="list-style-type: none"> Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Execución: <ul style="list-style-type: none"> Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memoriza- 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos. B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente. SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CSIEE CD CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC

	Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>dos e traballados en clase previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ▪ Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, e paralingüísticos. ▪ Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Modificación de palabras de significado parecido. ▪ Definición ou reformulación dun termo ou expresión. ▪ Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. ▪ Petición de axuda. ▪ Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. ▪ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). ▪ Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas. 	<p>manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito. 	<p>breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. ▪ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). ▪ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ▪ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. ▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade. ▪ B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4. Producción de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). ▪ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). ▪ Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. ▪ Execución: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. ▪ Estructuración do contido do texto. ▪ Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. ▪ Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. ▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ▪ Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.). ▪ Revisión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de problemas, erros e repeticións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans). ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova). ▪ SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva. 			
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> a c d i o 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: <ul style="list-style-type: none"> Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> Coñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Discriminar padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os padróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de padróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significado tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculpase, 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>se fala a lingua estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. ▪ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. ▪ Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. ▪ Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. ▪ Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. ▪ Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. ▪ Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. ▪ Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. ▪ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así 	<p>nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente</p>	<p>solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>como os seus contrarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma. 			

Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Francés
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>par contre</i>); causa (<i>comme</i>); finalidade (<i>afin de + Inf.</i>); comparación (<i>plus/moins que</i>); consecuencia (<i>donc</i>); explicativas (<i>parce que</i>). ▪ Relacións temporais (<i>de... à, dans, il y a, en</i>). ▪ Exclamación (<i>Oh là là! On y va! Quel+nom !</i>); locutions adverbiales (<i>Tout fait ! Bien sûr !</i>)

Francés

- Negación (negación nos tempos compostos).
- Interrogación (*que, quoi; inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non, pron. tonique + aussi/non plus)*).
- Expresión do tempo: presente; pasado (*passé récent, passé composé: participes passés avec les accords*); futuro (*futur proche*). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: *j'aimerais*).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *toujours, d'habitude*); incoativo,terminativo (*venir de + Inf.*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*être capable de*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*avoir besoin de + infinitif, il faut*); obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, imperativo*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseño (*avoir envie de*); cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (*articles, noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); proposicións adxectivais (*qui/que*); a cualidade (posición dos adxectivos, *facile/ difficile à...*); a posesión (adxectivos posesivos).
- Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres...*); o grao.

Francés

- Expresión do espazo (prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).
- Expresión do tempo: puntual (*moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir*) ; divisións (*au ... siècle, en (année)*); indicacións de tempo (*après-demain, avant-hier, tout de suite*); duración (*maintenant*); anterioridade (*l y a...* *que*); posterioridade (*plus tard*); secuenciación (*finalement*); simultaneidade (*au moment où, en même temps*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).
- Expresión do modo.

1. Temporalización dos contidos:

Neste curso 2021-22, debido á situación de pandemia que estamos a vivir e que obrigou a suspender as clases presenciais durante o terceiro trimestre do curso 19-20, imos acumulando retraso e temos que empezar vendo contidos do curso pasado que quedaron sen ver e que son importantes para continuar a aprendizaxe. Isto ocuparanos case todo o primeiro trimestre. Co cal a temporalización dos contidos será a seguinte:

1ª AVALIACIÓN

Unité 0 Révision 3 sesións
Unité 4 de 2 ESO- Bon appétit 9 sesións
Unité 5 de 2 ESO-revisión

2ª AVALIACIÓN:

Unité 1 Tribus d'ados 8 sesións

Unité 2- J'aime ma planète 9 sesións

Unité 3- Des projets plein la tête 6 sesións

3ª AVALIACIÓN:

Unité 4- Vive la lecture 8 sesións

Unité 5- C'était comment? 10 sesións

2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS CONTIDOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1ª Avaluación. Falar da comida e dos alimentos utilizando os partitivos. Contar actividades do pasado utilizando correctamente o passé composé

2ª Avaluación. . Actividades de tempo libre,os posesivos,expresión do pasado recente e o futuro próximo,a comparación,os pronomes relativos qui e que,expresar a obriga e a prohibición.

Facer proxectos de futuro.

3ª Avaluación. organizar ben o discurso,os adxectivos calificativos,os pronomes demostrativos,o passé composé,os pronomes persoais complementos.

O imperfecto, contar algo en pasado,utilizando os tempos do pasado,situar no espazo,expresar a cantidade,indicar o tempo.

3. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS

Como xa se explicou no punto 6, debido á situación de pandemia pola que estamos pasando, o último trimestre do curso 19-20 foi on-line e consistiu en reforzar contidos que xa se viran nos dous primeiros trimestres. Debido a esto quedaron 3 unidades sen ver das cales se consideran imprescindibles as unidades 4 e 5. No inicio deste curso 2021-2022,como imos acumulando retraso empezárase revisando contidos que xa se viron o curso pasado para refrescarlle a memoria aos alumnos e daranse as unidades que non se deron no curso pasado para que así todos os alumnos teñan os mínimos imprescindibles para poder seguir a súa formación en lingua francesa. Todo este plan de reforzo durará case todo o primeiro trimestre.

4. AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio de cada curso, faráselle aos alumnos un cuestionario con preguntas básicas e xerais sobre o que coñecen de Francia e da lingua francesa, que lle indicará ao profesorado os coñecementos que teñen os alumnos, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnos con posibles problemas.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc).
- Saber as medidas organizativas que é preciso adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que é preciso adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **presencial ou semipresencial** a avaliación basearase en exames ou probas escritas e no traballo e actitude diaria nas clases:

Haberá dous exames por cada avaliación nos cales os alumnos terán que demostrar que entenderon o que se explicou en clases. Os exames basearanse sempre na materia dada ata o día do exame. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación directa nas clases de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta as libretas de clase, os traballos que a profesora mande facer tanto na clase como na casa, os exercicios realizados e recollidos durante as clases, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais na clase, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **on-line** a avaliación basearase en exercicios ou probas escritas e no traballo e actitude diaria do alumno:

Os exercicios ou probas basearanse sempre na materia dada ata o día da proba. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta os traballos que a profesora mande facer, os exercicios realizados, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas e exercicios que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

No caso de ensinanza **presencial ou semipresencial** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O 70% da nota trimestral correspóndese cos controis e exames periódicos, que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

IMPORTANTE: Se o alumno é “cazado” copiando nun exame, automaticamente suspenderá a avaliación, independentemente das outras notas obtidas, porque se considera que tratou de enganar ó profesor e o exame non refletiría os seus coñecementos reais da materia. Ademais con menos de un 3 nos exames non se fará a nota media; isto faise para evitar o abandono da materia. Se algún alumno suspendeu algún exame e non lle dá a nota media para aprobar poderá recuperar o exame suspenso antes do final do trimestre.

O 30% da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos, tanto no aula coma na casa, e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase, do cahier d'exercices que o profesor recollerá periodicamente (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa ou, por exemplo, non trae o material, se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha

actitude positiva ante a asignatura. Do mesmo xeito haberá tamén positivos, cando o alumno participe, resposte ben na clase cando a profesora pregunte a materia, etc, que subirán 0,1.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. . A nota final da materia obterase facendo a media das tres avaliacións e a isto sumaráselle a nota do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido: xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

No caso de ensinanza **on-line** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O 70% da nota trimestral correspóndese cos controis, exercicios e probas que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames, probas ou exercicios dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

O 30% da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase ,do cahier d'exercices que o profesor poderá pedir (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa, non entrega os exercicios ou o traballo que o profesor mandou se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. . A nota final da materia obterase facendo a media das tres avaliacións e a isto sumaráselle a nota do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido: xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

11. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos, centrándonos naquelo que resulta familiar ao alumnado pero con unha vertiente de fantasía para atinxir o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece y formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persigue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non sómotes beben adquirir uns coñecementos, senón que tamén teñen que ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que los alumnos no sómotes sexan capaces de aprender, senón tamén, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características das persoaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das grabacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é moi importante que todos os integrantes do grupo poidan participar y teñan actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que acadan día a día. É moi importante ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxetivos que se teñen programado, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución dos obxetivos e que, ante a falla dalgunha actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e

reflexiva e tamén axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural durante o proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subiacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que los erros producense cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considerase erro el fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixíranse o rematar as interaccións orais, de forma grupal e con unha linguaxe asequible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senon que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a una falla de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece la pena corrixir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade do mesmo; un Caderno de Avaliación permítelle ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. O profesor pode adaptala facilmente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Hai que ter en conta esta situación e ofrecer actividades interrelacionadas con outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do propio neno e deseguido a exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o medio ambiente y a sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflítese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hay saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e somentes sirven para ela). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe un bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser quen de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse, senon en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as poidera ter adquirido (transversalidade). Ser competente debe ser garante de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fora dela, garante da súa aprendizaxe permanente.

A comprensión lectora. En FLE, a comprensión lectora ten coma obxectivo conducir ao alumno/a progresivamente hacia o sentido dun escrito, a comprender e a ler diferentes tipos de texto (diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro, etc...). Nembargantes, a primeira finalidade desta competencia vai máis alá da comprensión explícita inmediata dun texto. Trátase tamén de aprender a ler o que está implícito

aprendendo a desenrolar progresivamente estratexias de lectura que favorezan unha actitude activa de descubrimentos lingüísticos y non lingüísticos e que leven ao alumno a enriquecerse.

Neste senso, presenta una ventaxa innegable a didáctica de las linguas, que contribue, entre outros, ao desenvolvemento de diferentes habilidades e particularmente á comprensión escrita e á fluidez oral que os alumnos poderán aproveitar en situacións auténticas.

Incorporación das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). O desenrolo das TIC e outros recursos didácticos constitue unha parte consubstancial, cada día un pouco menos indisociable por non decir indispensable, na vida de todos os cidadáns e en particular da xente nova que naceu e medrou nunha sociedade onde o seu uso é algo totalmente habitual. Ademais o seu considerable impacto e propagación polo mundo, as TIC constituen un elemento importante da cultura actual. Neste punto, la urxente necesidade de promover o seu uso no marco escolar, co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe pero igualmente a calidade do ensino, é innegable.

Nos enfoques comunicativos, a utilización de documentos auténticos así coma a exposición da lingua en diversos contextos da realidade da lingua extranxeira ten un papel moi importante como se dixo anteriormente. Así, o lugar das TIC no ensino e aprendizaxe do francés están totalmente xustificados.

En efecto, para as linguas extranxeiras as TIC son un recurso infinito porque permiten o acceso directo e instantáneo a outros países, a outras culturas. Favorecen tamén o traballo das cinco competencias orais e escritas, a aprendizaxe a distancia e o acceso a documentos auténticos en tempo real.

A esto, non podemos negar o feito de que suscitan a menudo o interese, a curiosidade e a motivación do alumno/a, o que finalmente se traduce nunha aprendizaxe de mellor calidade e compromiso persoal acrecentado. Ocupan hoxe, xustamente, un lugar de preferencia no proceso de aprendizaxe dunha lingua.

As competencias básicas. As competencias básicas son definidas pola Unión Europea como *“una combinación de saber hacer, competencias, conocimientos y aptitudes adaptadas al contexto. Llamamos competencia básica a toda competencia que todo el mundo utiliza para su desarrollo personal, así como para una ciudadanía activa, la integración social y el empleo”*.

Permiten por o acento sobre as aprendizaxes que serán consideradas coma indispensables. Trátase de competencias que os alumnos deben ter adquirido cando rematen a etapa de ensino obligatorio co fin de poder desenrolarse plenamente na súa vida persoal, ser cidadáns activos, integrarse na vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaces de desenrolar unha aprendizaxe constructiva permanente ao longo da súa vida.

Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. Os estándares de aprendizaxe son referentes que describen o que os alumnos deben saber facer para chegar a ter un certo nivel de aprendizaxe. Trátase de ferramentas que permiten avaliar a aprendizaxe cuxa elaboración reflite o currículo en vigor da LOMCE.

Os criterios de avaliación tal e como o os define Real Decreto permiten determinar os resultados da aprendizaxe e concretizan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Deben ser observables, medibles e avaliábeis co fin de medir os grados de rendemento ou de éxito obtidos durante o proceso de ensino/aprendizaxe. Trátase de referentes fiables e adecuados de avaliación, proceso que reflite o que debemos avaliar, o que o alumno/a debe alcanzar tanto no fondo como na forma e na aptitude

Para atinxir os obxetivos mencionados, é moi importante ter en conta de xeito permanente unha serie de consideracións ineludibles no marco dun proxecto educativo do século XXI: o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenvolvemento das competencias de base e das novas tecnoloxías, a estimulación da lectura, e ter en conta a diversidade.

12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Teranse en conta os seguintes aspectos que quedan concretados nas seguintes cuestións:

- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e as necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes alcanzadas polo alumno.
- As medidas extraordinarias de atención á diversidade.
- A programación didáctica e a súa desenvolvemento.
- O aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na súa contorna para desenvolver as programacións.
- Os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso e das diferentes materias.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso cos cursos anteriores.

13. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Para os alumnos coa materia pendente, os contidos mínimos e os criterios de avaliación son os mesmos que para o grupo de referencia do curso que ten suspenso.

As distintas unidades nas que se divide o curso poderán ser recuperadas polos alumnos mediante a realización de exercicios e tarefas marcadas polo profesor, que serán entregadas nas datas fixadas en cada trimestre. O profesor correxirá e poralle unha nota. Se a nota é igual ou superior a 5 en todas as tarefas encomendadas, considérase que a materia está superada. Se algunha parte non é apta ou o alumno non realizou as tarefas encomendadas, entón terá que superar un exame final no que terá que obter un 5 como mínimo para superar a asignatura.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os profesores prestarán atención á diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado. Sempre que sexa posible as medidas de apoio realizaránse na propia aula, tanto para os alumnos con certas deficiencias ou retrasos no seu aprendizaxe, como para os alumnos máis adiantados, ós que se lles dará información e actividades complementarias para estimular as súas capacidades.

No caso de que fose preciso, poderían adoptarse outras medidas, como o reforzo noutra aula para grupos reducidos de alumnos, o reforzo fora de horario lectivo, a realización de adaptacións curriculares ou a incorporación a grupos de diversificación curricular.

14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍNDO O DEREITO Á EDUCACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA E MECANISMOS A ADOPTAR PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO DO CURSO

O libro de texto empregado para terceiro da ESO será o libro EN SPIRALE, da editorial Oxford, que ven acompañado do correspondente caderno de exercicios e dunha gramática, así coma dun cómic.

Ademáis deste material tamén se utilizarán fotocopias de reforzo e ampliación e por suposto as novas tecnoloxías, que nos permiten traballar os distintos aspectos dunha lingua extranxeira: comprensión oral, escrita, etc, etc. En Internet hai moitas páxinas para traballar os distintos aspectos da

lingua que ademáis teñen exercicios autocorrectivos para que os alumnos practiquen por si mesmos o aprendido na aula,ven na propia aula ou na súa casa. Tamén se utilizarán cds para a comprensión oral.Dentro do posible intentarase utilizar documentos o máis auténticos posible.

No caso de ensinanza **presencial** utilizaranse as novas tecnoloxías(internet,aula virtual do centro para colgar material,...). No caso de ensinanza **semipresencial e on- line** as novas tecnoloxías terán un peso inda maior xa que se utilizará o correo electrónico,a aula virtual do centro e as clases por videoconferencia cos alumnos mediante a plataforma webex ou outras que lles permitirán non perder o fío da materia. Se un alumno ou varios non poden asistir a clase por ter que quedar na súa casa pola Covid19 poderán seguir as clases on-line para non perder a materia. Poden conectarse e seguir as clases ao mesmo tempo que os seus compañeiros. Hoxe en día todos os alumnos teñen conexión a internet ou móbiles que mediante correo electrónico,whatsapp ou calquera outro medio. De tódolos xeitos estarase atento a calquera incidencia que poida xurdir por parte do alumnado para intentar solucionala. Se non poidesen seguir as clases por videoconferencia pois enviarielles material mediante correo electrónico,whatapp ou calquera outro medio. Se xurdise calquera problema coas novas tecnoloxías pois farianselle fotocopias ao alumno ou alumnos que teñen problemas para que as súas familias as viñesen recoller ao centro e unha vez que fixeron as tarefas encomendadas pois teríanas que entregar de novo no centro para a súa corrección por parte do profesor.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En principio este curso escolar e por culpa da pandemia da covid 19 non están previstas actividades complementarias nin extraescolares para terceiro da ESO.

17. ELEMENTOS TRANSVERSAIS A TRATAR

En terceiro curso da ESO trataranse temas transversais coma por exemplo o respecto ao diferente, os medios de comunicación.

18. AVALIACIÓN, REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Coa finalidade de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas, ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Segundo os resultados obtidos podería facerse unha modificación da programación didáctica se fose preciso.

Pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras, utilizando a seguinte grella:

ASPECTOS QUE HAI QUE AVALIAR	HAI QUE DESTACAR...	HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			

Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			

4º ESO: segunda lingua estranxeira francés

1.Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

2. Contextualización

O I.E.S. Xermán Ancochea Quevedo está situado na Pobra de Trives, no Macizo central ourensán e polo tanto localízase nunha zona rural, onde a maior parte dos seus habitantes viven da agricultura e da gandería, o que significa que a maioría das familias teñen un nivel socio-económico medio-baixo. Como o concello de Trives está situado moi preto da estación de montaña de Manzaneda, ten bastante turismo, sobretodo no inverno, cando a xente aproveita para ir esquiar, pero tamén no verán, cando a xente aproveita para descansar e estar en contacto coa natureza. De ahí a importancia de que os rapaces saiban linguas extranxeiras para poder comunicarse cos visitantes extranxeiros e facilitarlles a súa estadía no pobo, resolver as posibles dúbidas, etc, etc.

3. Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria:

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como me-

dio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidades lusófona.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliados

As competencias clave son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:

6. Comunicación lingüística.
7. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
8. Competencia dixital.
9. Aprender a aprender.
10. Competencias sociais e cívicas.
11. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
12. Conciencia e expresións culturais.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

As competencias básicas refírense á capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Son aquelas competencias que deben des satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe significativo permanente ao longo da vida.

Na medida do posible, todas as materias deben contribuir ó desenvolvemento destas competencias, aínda que, lóxicamente, cada unha delas incide máis nunhas competencias que noutras.

Comunicación lingüística (CCL)

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fora da escola e de enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese hacia o aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia coma unha fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está composta por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, sociocultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos y expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación y comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da rea-

lidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, o álgebra a xeometría e a estadística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interpretación responsable del. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan ao individuo para identificar, plantexar e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxía, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas, así coma unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para atinxir un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e medioambientais, así coma a adopción dunha actitude adecuada para atinxir unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para atinxir obxectivos basados en probas.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun entorno dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenrolo de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñible co fin de resolver problemas reais dun modo eficiente, así coma avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefa ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas novas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra banda, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así coma a motivación e a curiosidade polo aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse no aprendizaxe, e por outra, ser capaz de seguir aprendendo de maneira autónoma, un aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convértense en obxecto do propio coñecemento e hai que aprender a executalos correctamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para chegar á meta da aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces.

Esto conleva a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe coma a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender la realidade social do mundo en que se vive y exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relacionase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conducta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma constructiva en distintos entornos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica basease no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xusticia, igualdade, cidadanía y dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, la apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenrolo destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadanos dende unha actitude solidaria e responsable.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o cal implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenrolar a opción elegida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia .e determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais y comerciais; e unhas destrezas coma a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderazgo, pensamento crítico, avaliación y auto-avaliación.

Require el desenrolo de actitudes e valores coma a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre o propio aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e a iniciativa persoal involucran a menudo a outras persoas, esta competencia obriga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: porse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar los plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herencia cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas a a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas coma a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e disfrutar das diferentes manifestacións artísticas. Supon, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenrolo desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, inda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, pois, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse coma percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora asimesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas coma a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 4º ESO, 2ª lingua estranxeira

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

	<p>da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. 	<p>disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe. 	<p>albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
	Bloque 2. Produción de textos orais			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. ▪ SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

	<ul style="list-style-type: none"> - Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresar a mensaxe con claridade e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. ▪ B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. 	<p>puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD <hr/> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <hr/> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
--	--	---	---	--

	<p>coherencia básica, estruturándola adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedemen- 			
--	---	--	--	--

		<p>tos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. - Usar a lingua materna ou "es-tranxeirizar" palabras da lingua meta. - Pedir axuda. - Para- 		
--	--	---	--	--

		<p>lingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar lingua x corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). - Usar 		
--	--	--	--	--

		<p>elementos cuasiléxicos (humor, pua, ...)</p> <p>de valor comunicativo.</p>			
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. 			
		Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocu- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. ▪ SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. ▪ SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	

	<ul style="list-style-type: none"> ou extensiva). - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<p>pacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
	Bloque 4: Producción de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finali- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. 	<p>dade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. ▪ B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adecuado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. ▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. 	<p>social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). ▪ SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
---	--	---	--	---

- Execución:
- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
- Estruturação do contido do texto.
- Organización do texto en párrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no

	<p>que realmente le gustaría expresar), tras valorar las dificultades e los recursos lingüísticos disponibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.). - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) - Reescritura 			
--	---	--	--	--

	definitiva.			
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez. ▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. ▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculpase, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

	<p>da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p>	<p>un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, déixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>		
--	--	--	--	--

	<ul style="list-style-type: none"> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados 			
--	---	--	--	--

	<p>cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información e indicacións, e ex- 			
--	--	--	--	--

	<p>presión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. - Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. - Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e 			
--	---	--	--	--

	<p>deporte; vacacións; saúde máis básica e cuidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma. 			
--	--	--	--	--

¹Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Francés

Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición/concesión (*seulement si, même si, quoique, malgré que + Subj.* (para un feito real)); causa (*étant donné que*); finalidade (*pour que, dans le but que, de façon/manière à ce que, afin que + Subj.*); comparación (*c'est le meilleur/pire ... que + Subj., autant/tant*); consecuencia (*si bien que*); condición (*à condition de + Inf., à moins de + inf., au/dans le cas où (+ conditionnel)*); estilo indirecto.

Relacións temporais (*auparavant, alors que, en attendant, tant que, aussitôt, dès, tandis que*).

Exclamación (*Comme si...*).

Negación (*pas question, pas du tout*).

Interrogación (*Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film?*).

Expresión do tempo: presente; pasado (*plus-que-parfait*); futuro (*futur antérieur*).

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*à cette époque là...*); habitual (*nº fois par... mois/an...*); incoativo (*être prêt à...*); terminativo (*arrêter de*).

Expresión da modalidade: factualidade; capacidade; posibilidade/probabilidade (*il est possible que, il se peut que*); necesidade; obriga/prohibición (*n'avoir qu'à..., il n'y a qu'à...*); permiso (*Puis-je...?*); intención/deseo (*exprimer le souhait qui concerne un autre: j'aimerais que/ je voudrais que/ j'aurais envie que/ ça me plairait que + Subj.*); *voix passive*; condicional; cortesía.

Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*)); a cualidade; a posesión (pronomes posesivos).

Expresión da cantidade (*environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple...*, artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.

Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).

Expresión do tempo: puntual (*demain à cette heure-là, hier à cette heure-ci*); divisións (*hebdomadaire, mensuel, annuel...*); indicacións de tempo, duración (*toujours (ex: Il travaille toujours à Paris?)*); anterioridade (*en attendant*); posterioridade (*à peine ... que, aussitôt que*); secuenciación (*pour conclure, pour faire le bilan, si on fait le point, comme conclusion*); simultaneidade (*le temps de + Inf., une fois que*); frecuencia (*de temps en temps*).

Expresión do modo (*Adv. de manière en -ement, -amment, ainsi*).

2. Temporalización dos contidos incluídos os contidos mínimos non adquiridos

Neste curso 2021-22, debido á situación de pandemia que estamos a vivir e que obrigou a suspender as clases presenciais durante o terceiro trimestre do curso 19.20, temos que empezar vendo contidos do curso pasado que quedaron sen ver e que son importantes para continuar a aprendizaxe. Isto ocuparanos case todo o primeiro trimestre. Co cal a temporalización dos contidos será a seguinte

1ª AVALIACIÓN

Unité 0- Le parfait élève 3 sesións

Unité 5 de 3º ESO. Comment c'était? 10 sesións

Unité 1- Bien dans ton corps 10 sesións

2ª AVALIACIÓN:

Unité 2- Un monde de communication 9 sesións

Unité 3- Notre génération 9 sesións

Unité 4- Ados solidaires 8 sesións

3ª AVALIACIÓN:

Unité 5- Un monde de loisirs 10 sesións

Unité 6- On veut se faire entendre 10 sesións

7.GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS CONTIDOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1ª Avaluación. Contar historias en pasado utilizando correctamente o imperfecto e o passé composé. Falar de como nos sentimos, expresar sentimientos, adxetivos e pronomes indefinidos, pronomes demostrativos, falar da televisión, a causa e a finalidade.

2ª Avaluación. Falar da televisión, a causa e a finalidade, describir a personalidade e o carácter de alguén, expresar desexos, a oposición, e a duración.

3ª Avaluación. Falar das actividades preferidas, a negación de varios elementos, concordancia no passé composé e colocación dos adxetivos.

1.PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS

Como xa se explicou no punto 6, debido á situación de pandemia pola que estamos pasando, o último trimestre do curso 19-20 foi on-line e consistiu en reforzar contidos que xa se viran nos dous primeiros trimestres. Debido a esto quedaron 2 unidades sen ver das cales se considera imprescindible a unidade 5. No inicio deste curso 2020-2021 empezárase revisando contidos que xa se viron o curso pasado para refrescarlle a memoria aos alumnos e daranse as unidades que non se deron no curso pasado para que así todos os alumnos teñan os mínimos imprescindibles para poder seguir a súa formación en lingua francesa. Todo este plan de reforzo durará case todo o primeiro trimestre.

9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio de cada curso, faráselle aos alumnos un cuestionario con preguntas básicas e xerais sobre o que coñecen de Francia e da lingua francesa. que lle indicará ao profesorado os coñecementos que teñen os alumnos, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnos con posibles problemas.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que é preciso adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que é preciso adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.

- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **presencial ou semipresencial** a avaliación basearase en exames ou probas escritas e no traballo e actitude diaria nas clases:

Haberá dous exames por cada avaliación nos cales os alumnos terán que demostrar que entenderon o que se explicou en clases. Os exames basearanse sempre na materia dada ata o día do exame. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación directa nas clases de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta as libretas de clase, os traballos que a profesora mande facer tanto na clase como na casa, os exercicios realizados e recollidos durante as clases, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais na clase, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **on-line** a avaliación basearase en exercicios ou probas escritas e no traballo e actitude diaria do alumno:

Os exercicios ou probas basearanse sempre na materia dada ata o día da proba. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta os traballos que a profesora mande facer, os exercicios realizados, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente

- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas e exercicios que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

No caso de ensinanza **presencial ou semipresencial** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O **70%** da nota trimestral correspóndese cos controis e exames periódicos, que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

IMPORTANTE: Se o alumno é “cazado” copiando nun exame, automaticamente suspenderá a avaliación, independentemente das outras notas obtidas, porque se considera que tratou de enganar ó profesor e o exame non refletiría os seus coñecementos reais da materia. Ademais con menos de un 3 nos exames non se fará a nota media; isto faise para evitar o abandono da materia. Se algún alumno suspendeu algún exame e non lle dá a nota media para aprobar poderá recuperar o exame suspenso antes do final do trimestre.

O **30%** da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos, tanto no aula coma na casa, e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase, do cahier d'exercices que o profesor recollerá periodicamente (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa ou, por exemplo, non trae o material, se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura. Do mesmo xeito haberá tamén positivos, cando o alumno participe, resposte ben na clase cando a profesora pregunte a materia, etc, que subirán 0,1.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. . A nota final da materia obterase facendo a media das tres avaliacións e a esto sumaráselle a nota do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido: xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

No caso de ensinanza **on-line** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O 70% da nota trimestral correspóndese cos controis, exercicios e probas que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames, probas ou exercicios dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

O 30% da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase, do cahier d'exercices que o profesor poderá pedir (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coitado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa, non entrega os exercicios ou o traballo que o profesor mandou se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. . A nota final da materia obterase facendo a media das tres avaliacións e a isto sumaráselle a nota do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido: xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

12. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos, centrándonos naquelo que resulta familiar ao alumnado pero con unha vertiente de fantasía para atinxir o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode

transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece y formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persigue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só deben adquirir uns coñecementos, senón que tamén teñen que ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón tamén, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características das persoaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das grabacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é moi importante que todos os integrantes do grupo poidan participar y teñan actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que acadan día a día. É moi importante ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxetivos que se teñen programado, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución dos obxetivos e que, ante a falla dalgúna actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e tamén axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural durante o proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subiacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros prodúcense cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considerase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixíranse o rematar as interaccións orais, de forma grupal e con unha linguaxe asequible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falla de atención nun momento

determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece la pena corrixir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade do mesmo; un Caderno de Avaliación permítelle ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. O profesor pode adaptala facilmente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Hai que ter en conta esta situación e ofrecer actividades interrelacionadas con outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do propio neno e deseguido a exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o medio ambiente y a sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflítese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hay saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e somentes sirven para ela). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe un bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser quen de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse, senon en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as poidera ter adquirido (transversalidade). Ser competente debe ser garante de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fora dela, garante da súa aprendizaxe permanente.

A comprensión lectora. En FLE, a comprensión lectora ten coma obxectivo conducir ao alumno/a progresivamente hacia o sentido dun escrito, a comprender e a ler diferentes tipos de texto (diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro, etc...). Nembargantes, a primeira finalidade desta competencia vai máis alá da comprensión explícita inmediata dun texto. Trátase tamén de aprender a ler o que está implícito aprendendo a desenrolar progresivamente estratexias de lectura que favorezan unha actitude activa de descubrimentos lingüísticos y non lingüísticos e que leven ao alumno a enriquecerse.

Neste senso, presenta una ventaxa innegable a didáctica de las linguas, que contribúe, entre outros, ao desenvolvemento de diferentes habilidades e particularmente á comprensión escrita e á fluidez oral que os alumnos poderán aproveitar en situacións auténticas.

Incorporación das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). O desenvolvemento das TIC e outros recursos didácticos constitúe unha parte consubstancial, cada día un pouco menos indisoluble por non dicir indispensable, na vida de todos os cidadáns e en particular da xente nova que naceu e medrou nunha sociedade onde o seu uso é algo totalmente habitual. Ademais o seu considerable impacto e propagación

polo mundo, as TIC constitúen un elemento importante da cultura actual. Neste punto, a urxente necesidade de promover o seu uso no marco escolar, co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe pero igualmente a calidade do ensino, é innegable.

Nos enfoques comunicativos, a utilización de documentos auténticos así coma a exposición da lingua en diversos contextos da realidade da lingua estranxeira ten un papel moi importante como se dixo anteriormente. Así, o lugar das TIC no ensino e aprendizaxe do francés están totalmente xustificadas.

En efecto, para as linguas estranxeiras as TIC son un recurso infinito porque permiten o acceso directo e instantáneo a outros países, a outras culturas. Favorecen tamén o traballo das cinco competencias orais e escritas, a aprendizaxe a distancia e o acceso a documentos auténticos en tempo real.

A isto, non podemos negar o feito de que suscitan a menudo o interese, a curiosidade e a motivación do alumno/a, o que finalmente se traduce nunha aprendizaxe de mellor calidade e compromiso persoal acrecentado. Ocupan hoxe, xustamente, un lugar de preferencia no proceso de aprendizaxe dunha lingua.

As competencias básicas. As competencias básicas son definidas pola Unión Europea como *“una combinación de saber hacer, competencias, conocimientos y aptitudes adaptadas al contexto. Llamamos competencia básica a toda competencia que todo el mundo utiliza para su desarrollo personal, así como para una ciudadanía activa, la integración social y el empleo”*.

Permiten por o acento sobre as aprendizaxes que serán consideradas coma indispensables. Trátase de competencias que os alumnos deben ter adquirido cando rematen a etapa de ensino obrigatorio co fin de poder desenrolarse plenamente na súa vida persoal, ser cidadáns activos, integrarse na vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaces de desenrolar unha aprendizaxe constructiva permanente ao longo da súa vida.

Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. Os estándares de aprendizaxe son referentes que describen o que os alumnos deben saber facer para chegar a ter un certo nivel de aprendizaxe. Trátase de ferramentas que permiten avaliar a aprendizaxe cuxa elaboración reflicte o currículo en vigor da LOMCE.

Os criterios de avaliación tal e como o os define Real Decreto permiten determinar os resultados da aprendizaxe e concretizan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Deben ser observables, medibles e avaliábeis co fin de medir os grados de rendemento ou de éxito obtidos durante o proceso de ensino/aprendizaxe. Trátase de referentes fiables e adecuados de avaliación, proceso que reflicte o que debemos avaliar, o que o alumno/a debe alcanzar tanto no fondo como na forma e na aptitude

Para atinxir os obxetivos mencionados, é moi importante ter en conta de xeito permanente unha serie de consideracións ineludibles no marco dun proxecto educativo do século XXI: o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenvolvemento das competencias de base e das novas tecnoloxías, a estimulación da lectura, e ter en conta a diversidade.

13.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Teranse en conta os seguintes aspectos que quedan concretados nas seguintes cuestións:

- Adecuación dos obxetivos, contidos e criterios de avaliación ás características e as necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes alcanzadas polo alumno.
- As medidas extraordinarias de atención á diversidade.
- A programación didáctica e a súa desenvolvemento.
- O aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na súa contorna para desenvolver as programacións.
- Os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso e das diferentes materias.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso cos cursos anteriores.

14. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Para os alumnos coa materia pendente, os contidos mínimos e os criterios de avaliación son os mesmos que para o grupo de referencia do curso que ten suspenso.

As distintas unidades nas que se divide o curso poderán ser recuperadas polos alumnos mediante a realización de exercicios e tarefas marcadas polo profesor, que serán entregadas nas datas fixadas. O profesor correxirá as e poralle unha nota. Se a nota é igual ou superior a 5 en todas as tarefas encomendadas, considérase que a materia está superada. Se algunha parte non é apta ou o alumno non realizou as tarefas encomendadas, entón terá que superar un exame final no que terá que obter un 5 como mínimo para superar a asignatura.

15. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os profesores prestarán atención á diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado. Sempre que sexa posible as medidas de apoio realizaránse na propia aula, tanto para os alumnos con certas deficiencias ou retrasos no seu aprendizaxe, como para os alumnos máis adiantados, ós que se lles dará información e actividades complementarias para estimular as súas capacidades.

No caso de que fose preciso, poderían adoptarse outras medidas, como o reforzo noutra aula para grupos reducidos de alumnos, o reforzo fora de horario lectivo, a realización de adaptacións curriculares ou a incorporación a grupos de diversificación curricular.

16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍNDO O DEREITO Á EDUCACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSEÑANZA TELEMÁTICA E MECANISMOS A ADOPTAR PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO DO CURSO

O libro de texto empregado para cuarto da ESO será o libro EN SPIRALE, da editorial Oxford, que ven acompañado do correspondente caderno de exercicios e dunha gramática, así coma dun cómic.

Ademáis deste material tamén se utilizarán fotocopias de reforzo e ampliación e por suposto as novas tecnoloxías, que nos permiten traballar os distintos aspectos dunha lingua estranxeira: comprensión oral, escrita, etc, etc. En Internet hai moitas páxinas para traballar os distintos aspectos da lingua que ademáis teñen exercicios autocorrectivos para que os alumnos practiquen por si mesmos o aprendido na aula, ven na propia aula ou na súa casa. Tamén se utilizarán cds para a comprensión oral. Dentro do posible intentarase utilizar documentos o máis auténticos posible.

No caso de ensinanza **presencial** utilizaranse as novas tecnoloxías (internet, aula virtual do centro para colgar material, ...). No caso de ensinanza **semipresencial e on-line** as novas tecnoloxías terán un peso inda maior xa que se utilizará o correo electrónico, a aula virtual do centro e as clases por videoconferencia cos alumnos mediante a plataforma webex ou outras que lles permitirán non perder o fío da materia. Se un alumno ou varios non poden asistir a clase por ter que quedar na súa casa pola Covid19 poderán seguir as clases on-line para non perder a materia. Poden conectarse e seguir as clases ao mesmo tempo que os seus compañeiros. Hoxe en día todos os alumnos teñen conexión a internet ou móbiles que mediante correo electrónico, whatsapp ou calquera outro medio. De tódolos xeitos estarase atento a calquera incidencia que poida xurdir por parte do alumnado para intentar solucionala. Se non poidesen seguir as clases por videoconferencia pois enviaríaseles material mediante correo electrónico, whatsapp ou calquera outro medio. Se xurdise calquera problema coas novas tecnoloxías pois fariánselle fotocopias ao alumno ou

alumnos que teñen problemas para que as súas familias as viñesen recoller ao centro e unha vez que fixeron as tarefas encomendadas pois teríanas que entregar de novo no centro para a súa corrección por parte do profesor.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En principio este curso escolar e por culpa da pandemia da covid 19 non están previstas actividades complementarias nin extraescolares para cuarto da ESO.

18. TEMAS TRANSVERSAIS

En cuarto da ESO traballaranse temas transversais coma por exemplo as redes sociais, os distintos tipos de pasatempos, o alcohol.

19. AVALIACIÓN, REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Coa finalidade de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica, ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Segundo os resultados obtidos poderase decidir a modificación da programación didáctica se fose preciso.

Pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras,utilizando a seguinte grella:

ASPECTOS QUE HAI QUE AVALIAR	HAI QUE DESTACAR...	HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendi-			

zaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

BACHARELATO

1º BACHARELATO: 2ª lingua extranxeira francés

1. Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe paradesenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

2. Contextualización

O I.E.S. Xermán Ancochea Quevedo está situado na Pobra de Trives, no Macizo central ourensán e polo tanto localízase nunha zona rural, onde a maior parte dos seus habitantes viven da agricultura e da gandería, o que significa que a maioría das familias teñen un nivel socio-económico medio-baixo. Como o concello de Trives está situado moi preto da estación de montaña de Manzaneda, ten bastante turismo, sobretodo no inverno, cando a xente aproveita para ir esquiar, pero tamén no verán, cando a xente aproveita para descansar e estar en contacto coa natureza. De ahí a importancia de que os rapaces saiban linguas estranxeiras para poder comunicarse cos visitantes estranxeiros e facilitarlles a súa estadía no pobo, resolver as posibles dúbidas, etc, etc.

3. Obxectivos xerais do bacharelato:

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a)** Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b)** Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c)** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d)** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e)** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f)** Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g)** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h)** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i)** Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l)** Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m)** Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n)** Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ)** Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o)** Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p)** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis

As competencias clave son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:

- 10.** Comunicación lingüística.
- 11.** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 12.** Competencia dixital.
- 13.** Aprender a aprender.
- 14.** Competencias sociais e cívicas.
- 15.** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 16.** Conciencia e expresións culturais.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

As competencias básicas refírense á capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Son aquelas competencias que deben des satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe significativo permanente ao longo da vida.

Na medida do posible, todas as materias deben contribuir ó desenvolvemento destas competencias, aínda que, lóxicamente, cada unha delas incide máis nunhas competencias que noutras.

Comunicación lingüística (CCL)

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fora da escola e de enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenrolo dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, a resolución de conflitos, o desenrolo das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese hacia o aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia coma unha fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está composta por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, sociocultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

O estudio dunha lingua estranxeira contribúe ao desenrolo desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos y expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe coma instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación y comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, o álgebra a xeometría e a estadística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interpretación responsable del. Contribúen ao desenrolo do pensamento científico e capacitan ao individuo para identificar, plantexar e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenrolo destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxía, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas, así coma unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para atinxir un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia , o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e medioambientais, así coma a adopción dunha actitude adecuada para atinxir unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica y tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como la comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre la natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para atinxir obxectivos basados en probas.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun entorno dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenrolo de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñible co fin de resolver problemas reais dun modo eficiente, así coma avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefa ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas novas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra banda, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así coma a motivación e a curiosidade polo aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse no aprendizaxe, e por outra, ser capaz de seguir aprendendo de maneira autónoma, un aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convértense en obxecto do propio coñecemento e hai que aprender a executalos correctamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para chegar á meta da aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces.

Esto conleva a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe coma a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive y exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relacionase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conducta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma constructiva en distintos entornos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica basease no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xusticia, igualdade, cidadanía y dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, la apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenrolo destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadanos dende unha actitude solidaria e responsable.

Sentido da iniciativa e espírito emprendor (CSIEE)

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o cal implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenrolar a opción elexida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia .e determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais y comerciais; e unhas destrezas coma a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderazgo, pensamento crítico, avaliación y auto-avaliación.

Require el desenrolo de actitudes e valores coma a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia,o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre o propio aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e a iniciativa persoal involucran a menudo a outras persoas, esta competencia obriga a dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: porse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar los plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre la herencia cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas a a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas coma a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e disfrutar das diferentes manifestacións artísticas. Supon, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, inda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, pois, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse coma percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora asimismo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas coma a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para 1º Bacharelato, 2ª lingua estranxeira

1º de bacharelato

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a b c f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas</p>	<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>güísticos (acenos, entoación, etc.).</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.</p> <p>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.</p>	<p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.</p>	<p>CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
Bloque 2. Produción de textos orais				
a b c	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificar o contexto, o destinatario e a fina-</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p>	<p>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema co-</p>	<p>CCL CAA CSC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f	<p>lidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificar palabras de significado parecido.</p> <p>Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.</p> <p>Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</p> <p>Pedir axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</p> <p>Usar linguaxe corporal culturalmente perti-</p>	<p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.</p> <p>B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación alumno e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p> <p>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p> <p>B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.</p>	<p>herente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</p>	CCEC CD
			<p>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p>SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>nente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).</p> <p>Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remite, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remite, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.</p> <p>B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun</p>	<p>SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que tratan temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).</p> <p>SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.</p> <p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		registro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.	<p>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).</p> <p>SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a b c f	<p>B4. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiáns ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e co-</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.</p>	<p>ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.</p>	<p>mentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).</p>	<p>CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
a	B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.	B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixi-	CCL

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c f p	ción básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.	seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.	bles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	CAA CSC CCEC
	B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.	B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación. B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propia e a cortesía debidas.	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saídos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	CCL CAA CSC CCEC
	B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables). Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.	B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propia e a cortesía debidas. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CCL CAA CSC CCEC
	Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas	B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixé persoal, espacial e temporal, xustaposición, e co-	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.	CCL CAA CSC CCEC

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</p> <p>Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos</p>	<p>nectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p> <p>B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar.</p>		

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.</p> <p>Bens e servizos básicos.</p> <p>Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.</p> <p>Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.</p> <p>Calquera outro que se considere de interese.</p> <p>Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

¹Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (*alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même*); causa (*puisque*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*plus...plus, moins...moins, plus...moins, moins...plus*); consecuencia (*de telle manière que, de façon à ce que*); condición (*si, même si + Indic.*); estilo indirecto.

Relacións temporais (*depuis, de... jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que*).

Exclamación (*Que, Hélas!*)

Negación (*personne ne..., rien ne..., ne...aucun, ne... que, ne... pas encore*).

Interrogación (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*).

Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*il était une fois*); habitual (*de temps en temps, chaque, tous les*); incoativo, terminativo.

Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*réussir à*); posibilidade/probabilidade (*c'est (presque) certain*); necesidade; obriga/prohibición (*défense de, défendu de+ Inf.*); permiso (*permettre de faire qqch. à qq'un, donner la permission à qq'un de faire qqch*); intención/deseño (*penser/espérer + Inf.*); factitivo o causal con el verbo *faire* (ex: *Pierre a fait tomber son livre/s'est fait couper les cheveux*); condicional (*conditionnel présent*); cortesía.

Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"; proposicións adxectivais); a cualidade; a posesión.

Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.

Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).

Expresión do tempo: puntual (*dans n° jours*); divisións (*dans les années, quinzaine*); indicacións de tempo (*au début, à la fin, en début de semaine*); duración (*matinée, journée, soirée*); anterioridade (*jusqu'à ce que*); posterioridade (*dès que, depuis (le temps) que*); secuenciación (*premièrement, deuxièmement*); simultaneidade (*lorsque, lors de + nom*); frecuencia (*tous/ toutes les..., généralement, quelquefois, rarement, presque jamais*).

Expresión do modo (*de cette manière, de cette façon là*).

3. **Temporalización dos contidos incluídos os contidos mínimos non adquiridos:**

Neste curso 2021-22, debido á situación de pandemia que estamos a vivir e que obrigou a suspender as clases presenciais durante o terceiro trimestre do curso 19-20, temos que empezar revisando contidos do curso pasado que son importantes para continuar a aprendizaxe. A temporalización dos contidos será a seguinte

1ª AVALIACIÓN

Unité 0- 4 sesións

Unité 1- 10 sesións

Unité 2- 10 sesións

2ª AVALIACIÓN:

Unité 3- 9 sesións

Unité 4- 9 sesións

3ª AVALIACIÓN:

Unité 5- 9 sesións

Unité 6- 9 sesións

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS CONTIDOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1ª Avaluación. Expresión da finalidade, falar de ecoloxía e educación, expresar a obrigatoriedade, facer hipótesis.

2ª Avaluación. Expresións temporais, falar de seguridade, a concesión e a finalidade.

3ª Avaluación. Comprensión de textos, a concesión, a condición, os tempos verbais, falar de viaxes.

5. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS

Como xa se explicou no punto 6, debido á situación de pandemia pola que estamos pasando, o último trimestre do curso 19-20 foi on-line e consistiu en reforzar contidos que xa se viran nos dous primeiros trimestres e no caso de primeiro de bacharelato puidose avanzar algo nos contidos no terceiro trimestre xa que os alumnos puideron seguir as clases e a materia sen problema. No inicio deste curso 2021-2022 empezárase revisando contidos que xa se viron o curso pasado para refrescarlles a memoria aos alumnos. Todo este plan de reforzo durará polo menos semana e media.

9. AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio de cada curso, faráselle aos alumnos un cuestionario con preguntas básicas e xerais sobre o que coñecen de Francia e da lingua francesa. que lle indicará ao profesorado os coñecementos que teñen os alumnos, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnos con posibles problemas.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que é preciso adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que é preciso adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **presencial ou semipresencial** a avaliación basearase en exames ou probas escritas e no traballo e actitude diaria nas clases:

Haberá dous exames por cada avaliación nos cales os alumnos terán que demostrar que entenderon o que se explicou en clases. Os exames basearanse sempre na materia dada ata o día do exame. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación directa nas clases de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta as libretas de clase, os traballos que a profesora mande facer tanto na clase como na casa, os exercicios realizados e recollidos durante as clases, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno
- Probas escritas que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.
- Preguntas orais na clase, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

No caso de que a ensinanza transcorra de xeito **on-line** a avaliación basearase en exercicios ou probas escritas e no traballo e actitude diaria do alumno:

Os exercicios ou probas basearanse sempre na materia dada ata o día da proba. O traballo e actitude diaria dos alumnos avaliarase pola observación de distintos aspectos como atención, participación, interese, traballo, resposta ás preguntas, comprensión, etc. Tamén se terán en conta os traballos que a profesora mande facer, os exercicios realizados, ou calquera outra forma de levar control dos progresos dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Observacións diarias do profesor, sobre a adquisición e desenrolo dos conceptos, procedementos e actitudes marcadas anteriormente
- Análise do traballo diario do alumno

-Probas escritas e exercicios que permitan avaliar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais marcados na materia e onde os alumnos demostrarán a súa expresión escrita.

- Preguntas orais, que sirvan para repasar e comprobar a adquisición dos coñecementos e onde os alumnos demostrarán a súa expresión oral.

1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

No caso de **ensinanza presencial** ou semipresencial o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O **80%** da nota trimestral correspóndese cos controis e exames periódicos, que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

IMPORTANTE: Se o alumno é “cazado” copiando nun exame, automaticamente suspenderá a avaliación, independentemente das outras notas obtidas, porque se considera que tratou de enganar ó profesor e o exame non refletiría os seus coñecementos reais da materia. Ademais con menos de un 3 nos exames non se fará a nota media; isto faise para evitar o abandono da materia. Se algún alumno suspendeu algún exame e non lle dá a nota media para aprobar poderá recuperar o exame suspenso antes do final do trimestre.

O **20%** da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos, tanto no aula coma na casa, e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase, do cahier d'exercices que o profesor recollerá periodicamente (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coidado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa ou, por exemplo, non trae o material, se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura. Do mesmo xeito haberá tamén positivos, cando o alumno participe, resposte ben na clase cando a profesora pregunte a materia, etc, que subirán 0,1.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre, ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa. Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. A nota final da materia obterase facendo a

media das tres avaliacións e a esta media sumaráselle a nota do exame do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido:xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

No caso de ensinanza **on-line** o resultado numérico que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase da seguinte maneira:

O **80%** da nota trimestral correspóndese cos controis,exercicios e probas que se farán, normalmente, ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames,probas ou exercicios dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala ou por presentar esta especial dificultade para o grupo.

O **20%** da nota trimestral correspóndese coa actitude e interese hacia a asignatura e co traballo persoal e diario realizado polos alumnos e do que o profesor vai tomando nota. Será considerado con moito peso dentro deste apartado a presentación do caderno de clase ,do cahier d'exercices que o profesor poderá pedir (reservándose a posibilidade de facelo sen previo aviso), e no que se comprobará o traballo escrito diario do alumno, facendo especial fincapé no coitado do caderno, na súa presentación (portada, data de cada día, marxes, exposición ordenada das fichas e dos contidos traballados), e no seu contido (constancia de tódolos exercicios realizados en clase e dos deberes). Se o alumno non traballa,non entrega os exercicios ou o traballo que o profesor mandou se lle restará 0,1 da súa nota, porque se considera que non ten unha actitude positiva ante a asignatura.

Se o alumno non superou a materia en algún trimestre,ó final do terceiro trimestre terá unha proba extraordinaria onde terá a ocasión de recuperar a parte suspensa.Se non a supera, terá unha derradeira oportunidade na proba extraordinaria de xuño. . A nota final da materia obterase facendo a media das tres avaliacións e a esta media sumaráselle a nota do exame do libro de lectura obrigatoria. . Dende que rematen as actividades lectivas do terceiro trimestre ata a proba extraordinaria o alumnado que precise terá clases de reforzo para recuperar o que non superou e o resto terá actividades lúdicas para practicar o aprendido:xogos en internet, escoitar música en francés e ver algunha película.

2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos, centrándonos naquelo que resulta familiar ao alumnado pero con unha vertiente de fantasía para atinxir o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece y formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenrolo e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persigue o desenrolo do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non somentes beben adquirir uns coñecementos, senón que tamén teñen que ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que los alumnos no somentes sexan capaces de aprender, senón tamén, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características das persoaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das grabacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso é moi importante que todos os integrantes do grupo poidan participar y teñan actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenrolo da propia conciencia de logros e do progreso que acadan día a día. É moi importante ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxetivos que se teñen programado, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución dos obxetivos e que, ante a falla dalgunha actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e tamén axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural durante o proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subiacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que los erros producense cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considerase erro el fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixíranse o rematar as interaccións orais, de forma grupal e con unha linguaxe asequible e sempre tendo en conta que non

desaparecen repentinamente, senon que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a una falla de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece la pena correxir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade do mesmo; un Caderno de Avaliación permítelle ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. O profesor pode adaptala facilmente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Hai que ter en conta esta situación e ofrecer actividades interrelacionadas con outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do propio neno e deseguido a exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o medio ambiente y a sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflítese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hay saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e somentes sirven para ela). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias construe un bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser quen de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse, senon en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as poidera ter adquirido (transversalidade). Ser competente debe ser garante de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fora dela, garante da súa aprendizaxe permanente.

A comprensión lectora. En FLE, a comprensión lectora ten coma obxectivo conducir ao alumno/a progresivamente hacia o sentido dun escrito, a comprender e a ler diferentes tipos de texto (diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro, etc...). Nembargantes, a primeira finalidade desta competencia vai máis alá da comprensión explícita inmediata dun texto. Trátase tamén de aprender a ler o que está implícito aprendendo a desenrolar progresivamente estratexias de lectura que favorezan unha actitude activa de descubrimentos lingüísticos y non lingüísticos e que leven ao alumno a enriquecerse.

Neste senso, presenta una ventaxa innegable a didáctica de las linguas, que contribue, entre outros, ao desenvolvemento de diferentes habilidades e particularmente á comprensión escrita e á fluidez oral que os alumnos poderán aproveitar en situacións auténticas.

Incorporación das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). O desenvolvemento das TIC e outros recursos didácticos constitue unha parte consubstancial, cada día un pouco menos indisoluble por non decir indispensable, na vida de todos os cidadáns e en particular da xente nova que naceu e medrou nunha sociedade onde o seu uso é algo totalmente habitual. Ademais o seu considerable impacto e propagación

polo mundo, as TIC constitúen un elemento importante da cultura actual. Neste punto, a urxente necesidade de promover o seu uso no marco escolar, co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe pero igualmente a calidade do ensino, é innegable.

Nos enfoques comunicativos, a utilización de documentos auténticos así coma a exposición da lingua en diversos contextos da realidade da lingua estranxeira ten un papel moi importante como se dixo anteriormente. Así, o lugar das TIC no ensino e aprendizaxe do francés están totalmente xustificadas.

En efecto, para as linguas estranxeiras as TIC son un recurso infinito porque permiten o acceso directo e instantáneo a outros países, a outras culturas. Favorecen tamén o traballo das cinco competencias orais e escritas, a aprendizaxe a distancia e o acceso a documentos auténticos en tempo real.

A isto, non podemos negar o feito de que suscitan a menudo o interese, a curiosidade e a motivación do alumno/a, o que finalmente se traduce nunha aprendizaxe de mellor calidade e compromiso persoal acrecentado. Ocupan hoxe, xustamente, un lugar de preferencia no proceso de aprendizaxe dunha lingua.

As competencias básicas. As competencias básicas son definidas pola Unión Europea como *“una combinación de saber hacer, competencias, conocimientos y aptitudes adaptadas al contexto. Llamamos competencia básica a toda competencia que todo el mundo utiliza para su desarrollo personal, así como para una ciudadanía activa, la integración social y el empleo”*.

Permiten por o acento sobre as aprendizaxes que serán consideradas coma indispensables. Trátase de competencias que os alumnos deben ter adquirido cando rematen a etapa de ensino obrigatorio co fin de poder desenrolarse plenamente na súa vida persoal, ser cidadáns activos, integrarse na vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaces de desenrolar unha aprendizaxe constructiva permanente ao longo da súa vida.

Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. Os estándares de aprendizaxe son referentes que describen o que os alumnos deben saber facer para chegar a ter un certo nivel de aprendizaxe. Trátase de ferramentas que permiten avaliar a aprendizaxe cuxa elaboración reflicte o currículo en vigor da LOMCE.

Os criterios de avaliación tal e como o os define Real Decreto permiten determinar os resultados da aprendizaxe e concretizan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Deben ser observables, medibles e avaliábeis co fin de medir os grados de rendemento ou de éxito obtidos durante o proceso de ensino/aprendizaxe. Trátase de referentes fiables e adecuados de avaliación, proceso que reflicte o que debemos avaliar, o que o alumno/a debe alcanzar tanto no fondo como na forma e na aptitude

Para atinxir os obxetivos mencionados, é moi importante ter en conta de xeito permanente unha serie de consideracións ineludibles no marco dun proxecto educativo do século XXI: o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenvolvemento das competencias de base e das novas tecnoloxías, a estimulación da lectura, e ter en conta a diversidade.

3. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Teranse en conta os seguintes aspectos que quedan concretados nas seguintes cuestións:

- Adecuación dos obxetivos, contidos e criterios de avaliación ás características e as necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes alcanzadas polo alumno.
- As medidas extraordinarias de atención á diversidade.
- A programación didáctica e a súa desenvolvemento.
- O aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na súa contorna para desenvolver as programacións.
- Os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso e das diferentes materias.
- A coordinación entre o profesorado de cada curso cos cursos anteriores.

4. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Para os alumnos coa materia pendente, os contidos mínimos e os criterios de avaliación son os mesmos que para o grupo de referencia do curso que ten suspenso.

As distintas unidades nas que se divide o curso poderán ser recuperadas polos alumnos mediante a realización de exercicios e tarefas marcadas polo profesor, que serán entregadas nas datas fixadas en cada trimestre. O profesor correxirá e poralle unha nota. Se a nota é igual ou superior a 5 en todas as tarefas encomendadas, considérase que a materia está superada. Se algunha parte non é apta ou o alumno non realizou as tarefas encomendadas, entón terá que superar un exame final no que terá que obter un 5 como mínimo para superar a asignatura.

15. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os profesores prestarán atención á diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado. Sempre que sexa posible as medidas de apoio realizaránse na propia aula, tanto para os alumnos con certas deficiencias ou retrasos no seu aprendizaxe, como para os alumnos máis adiantados, ós que se lles dará información e actividades complementarias para estimular as súas capacidades.

No caso de que fose preciso, poderían adoptarse outras medidas, como o reforzo noutra aula para grupos reducidos de alumnos, o reforzo fora de horario lectivo, a realización de adaptacións curriculares ou a incorporación a grupos de diversificación curricular.

16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍNDO O DEREITO Á EDUCACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA E MECANISMOS A ADOPTAR PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO DO CURSO

En primeiro de bacharelato non se empregará libro de texto. Partirase de fotocopias que a profesora dará aos alumnos a partir das cales se explicarán os contidos. Ademais deste material tamén se utilizarán fotocopias de reforzo e ampliación e por suposto as novas tecnoloxías, que nos permiten traballar os distintos aspectos dunha lingua extranxeira: comprensión oral, escrita, etc, etc. En Internet hai moitas páxinas para traballar os distintos aspectos da lingua que ademais teñen exercicios autocorrectivos para que os alumnos practiquen por si mesmos o aprendido na aula, ben na propia aula ou na súa casa. Tamén se utilizarán cds para a comprensión oral. Dentro do posible intentarase utilizar documentos o máis auténticos posible.

Os alumnos de primeiro de bacharelato terán ademais que ler un libro de lectura obrigatoria. Para primeiro de bacharelato o libro escollido é Le Petit Nicolas.

No caso de ensinanza **presencial** utilizaranse as novas tecnoloxías(internet,aula virtual do centro para colgar material,...). No caso de ensinanza **semipresencial e on- line** as novas tecnoloxías terán un peso inda maior xa que se utilizará o correo electrónico,a aula virtual do centro e as clases por videoconferencia cos alumnos mediante a plataforma webex ou outras que lles permitirán non perder o fío da materia. Se un alumno ou varios non poden asistir a clase por ter que quedar na súa casa pola Covid19 poderán seguir as clases on-line para non perder a materia. Poden conectarse e seguir as clases ao mesmo tempo que os seus compañeiros. Hoxe en día todos os alumnos teñen conexión a internet ou móbiles que mediante correo electrónico,whatsapp ou calquera outro medio.

De tódolos xeitos estarase atento a calquera incidencia que poida xurdir por parte do alumnado para intentar solucionarla. Se non poidesen seguir as clases por videoconferencia pois enviariáselles material mediante correo electrónico,whatapp ou calquera outro medio. Se xurdise calquera problema coas novas tecnoloxías pois fariánselle fotocopias ao alumno ou alumnos que teñen problemas para que as súas familias as viñesen recoller ao centro e unha vez que fixeron as tarefas encomendadas pois teríanas que entregar de novo no centro para a súa corrección por parte do profesor.

17.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En principio para este curso escolar e por culpa da pandemia da covid 19 que estamos a sufrir non están previstas actividades complementarias nin extraescolares para primeiro de bacharelato.

18. AVALIACIÓN,REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Coa finalidade de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didácticas, ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Segundo os resultados obtidos pódese decidir a modificación da programación didáctica se fose preciso.

Pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras,utilizando a seguinte grella:

ASPECTOS QUE HAI QUE AVALIAR	HAI QUE DESTACAR...	HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			

En A Pobra de Trives, 27 de setembro de 2021

Asinado: Susana Cadavid Pérez

Xefa de Departamento.